

**DEPARTAMENTO DE MÚSICA IES O COUTO. CURSO 2021/221º,
2º, 3º, 4º E.S.O, 1º Bach.**

INDICE:

- 1.- PRESENTACIÓN.(Introducción e contextualización), páx. 3

- 2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVES. Páx. 4.
CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMA PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS,
páx.5
 - 1º ESO, páx. 5
 - 2º ESO, páx. 6
 - 3º ESO, páx. 7
 - 4º ESO, páx. 9
 - 1º BACH, páx. 10

- 3.- OBXECTIVOS
 - 3.1.- OBXECTIVOS DE ETAPA, páx. 13
 - ESO
 - BACHARELATO, páx. 14
 - 3.2.- OBXECTIVOS
 - 1º ESO, páx. 15
 - 2º ESO, páx. 16
 - 3º ESO, páx. 17
 - 4º ESO, páx. 18
 - 1º BACH, páx. 14

- 4.- CONTIDOS
 - 4.1.- CONTIDOS, SECUENCIA E TEMPORALIZACIÓN, páx. 18
 - 1º ESO, páx. 18
 - 2º ESO, páx. 20
 - 3º ESO, páx. 22
 - 4º ESO, páx. 24
 - 1º BACH, páx. 26
 - 4.2.- CONTIDOS MÍNIMOS, páx. 29
 - 1º ESO, páx. 29
 - 2º ESO, páx. 30
 - 3º ESO, páx. 31
 - 4º ESO, páx. 32
 - 1º BACH, páx. 32

- 5.- AVALIACIÓN
 - 5.1.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO
ALUMNO, páx. 33
 - 1º ESO, páx. 34
 - 2º ESO, páx. 35
 - 3º ESO, páx. 37
 - 4º ESO, páx. 38
 - 1º BACH, páx. 39
 - 5.2.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN, páx. 40

(Probas/tarefas de avaliación. Procedementos para a realización da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados. Avaliación ordinaria e extraordinaria.)

- 1º ESO, páx. 40

- 2º ESO, páx. 41

- 3º ESO, páx. 42

- 4º ESO, páx. 44

- 1º BACH, páx. 45

5.3.- SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN, páx. 47

- 1º ESO, páx. 47

- 2º ESO, páx. 48

- 3º ESO, páx. 48

- 4º ESO, páx. 50

- 1º BACH, páx. 52

5.4.- MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA, páx. 52

- 1º ESO, páx. 50

- 2º ESO, páx. 50

- 3º ESO, páx. 51

- 4º ESO, páx. 51

- 1º BACH, páx. 52

5.5.- PROGRAMA DE REFORZO PARA RECUPERACIÓN DE PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES, páx. 52

5.6.- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES, páx. 53

(Temporalización. Grao mínimo de consecución para superar a materia. Procedementos e instrumentos de avaliación.)

- 1º ESO, páx. 53

- 2º ESO, páx. 56

- 3º ESO, páx. 60

- 4º ESO, páx. 69

- 1º BACH, páx. 77

5.7.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE, páx. 81

6.- METODOLOXÍA , MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS DIDÁCTICOS, páx. 82

- 1º ESO, páx. 82

- 2º ESO, páx. 83

- 3º ESO, páx. 83

- 4º ESO, páx. 83

- 1º BACH, páx. 83

7.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE, páx. 84

8.- PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS, páx. 85

9.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES, páx. 85

10.- ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR, páx. 85

11.- ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICs, páx. 86

12.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA, páx. 87

13.- PROCEDIMENTO DE ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS , páx. 87

14.- OS CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA, páx. 88

15.- CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO, páx. 88

ANEXO PROGRAMACIÓN. ENSINO A DISTANCIA, páx. 88

NORMAS ESPECÍFICAS POLA COVID 19 NA MATERIA DE MÚSICA, páx, 89
1.- PRESENTACIÓN. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

Xefa de departamento:

Gemma Domínguez González. Imparte música no Obradoiro musical co sección bilingüe de inglés e non bilingüe 1º da ESO. Música en 3º ESO, Artes escénicas e danza 4º ESO. Completa o seu horario con Valores Éticos

Membros do departamento:

Olalla Núñez. Imparte Obradoiro Musical en 1ºESO. Música en 2º ESO, Linguaxe e Práctica Musical en 1º Bacharelato. Completa o seu horario con horas de Valores Éticos.

Imos ter 6 grupos de Obradoiro de Música en 1º ESO, catro máis dous co sección bilingüe de inglés. Catro grupos de Música en 2º ESO, tres grupos en 3º ESO. Un grupo en 4º ESO de Artes escénicas e danza. Un grupo de Linguaxe e Práctica Musical en 1º Bacharelato.

O currículo de Música para a Educación Secundaria Obrigatoria artículase ao redor de dous eixos, percepción e expresión, vinculados á súa vez coa adquisición dunha cultura musical básica necesaria para todos os cidadáns. A percepción refírese ao desenvolvemento de capacidades de discriminación auditiva, de audición activa e de memoria comprensiva da música, tanto durante o desenvolvemento de actividades de interpretación e creación musical como na audición de obras musicais en vivo ou gravadas. A expresión alude ao desenvolvemento de todas aquelas capacidades vinculadas coa interpretación e a creación musical. Ademais, preténdense establecer puntos de contacto entre o mundo exterior e a música que se aprende nas aulas, establecendo as canles necesarias para estimular a percepción, a sensibilidade estética, a expresión creativa e a reflexión crítica, chegando a un grao de autonomía tal que posibilite a participación activa e informada en diferentes actividades vinculadas coa audición, a interpretación e a creación musical.

Formulamos nosa materia para axudar a acadar as competencias básicas que debe ter desenrolado o alumnado ao finalizar a ensinanza obrigatoria e para poder lograr a súa realización persoal, incorporándose a vida adulta de xeito satisfactorio e sendo capaz de continuar a facer unha aprendizaxe permanente ao longo da súa vida.

Neste curso, igual que o curso pasado, será imposible impartir a nosa materia como ven sendo o habitual, de un modo moi práctico e participativo por parte do alumnado. A situación provocada pola **Pandemia do Covid 19** que segue a continuar (aínda que coa pauta de vacinación completa no profesorado e en gran parte do alumnado) non vai permitir impartir as clases nas aulas materia en algúns grupos, xa que son pequenas e non permiten manter a distancia obrigatoria, aínda que se se reduce de 1'5 m de distancia entre o alumnado a 1'2 m. Isto nos obriga a ter que dar parte das nosas clases nas aulas de referencia dos grupos e converter a nosa materia nunha materia máis teórica e estática do habitual, xa que non nos poderemos mover pola aula, non poderemos facer actividades de movemento, expresión corporal, contacto entre alumnos, danzas, etc. etc.. A expresión instrumental tamén se verá prexudicada xa que non poderemos tocar os xilófonos e outros instrumentos de gran tamaño nas aulas de referencia, non poderemos tocar a frauta tendo que practicar na aula sen son e saír ao

exterior a tocar cando as condicións climáticas nos lo permitan gardando a distancia interpersonal de 3 m., non poderemos utilizar o noso piano, etc. etc.

2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVES. CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMA PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

Debido ao seu dobre condición de ciencia e arte, a música está en conexión directa con outros campos de coñecemento como a física e as matemáticas, e contribúe ao desenvolvemento doutras artes como a danza ou o cine. Ademais, hase de destacar a relación tan directa que existe entre a música e os medios de comunicación de masas como a radio, a televisión ou Internet.

O ensino musical contribúe directamente á adquisición da competencia:

- **Conciencia e expresión cultural: CCEC** «supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e gozo e consideralas como parte do patrimonio dos pobos». A expresión de ideas, experiencias ou sentimentos mediante actividades como a interpretación, a improvisación ou a composición, e a análise de fragmentos e obras a través da discriminación auditiva dos seus elementos son os dous eixes principais da aprendizaxe musical nesta etapa educativa e contribúen de forma significativa á adquisición e desenvolvemento desta competencia. Ser competentes desde un punto de vista cultural e artístico significa poder expresarse e comunicarse con mensaxes artísticas, así como percibir e comprender as diferentes obras do mundo da arte e da cultura, co enriquecemento persoal que isto comporta.

Ademais, a música colabora no desenvolvemento doutras competencias como:

- **Sentido de Iniciativa e espírito emprendedor: CSIEE.** Actividades musicais como a interpretación contribúen a desenvolver esta competencia, xa que requiren unha serie de capacidades como o amor propio (estar convencidos de que o noso traballo como intérprete é bo e pode achegar algo aos demais); a constancia (é necesario perseverar no traballo técnico individual para conseguir resultados satisfactorios); a autocrítica (aprender dos propios erros); o control emocional (é fundamental á hora de tocar diante dun público); o saber elixir, calcular riscos e afrontar e solucionar problemas (durante a interpretación dunha obra en público debe aprenderse a afrontar continxencias como un fallo na memoria ou unha indisposición momentánea, buscando unha solución rápida e eficaz para que a interpretación non se vexa interrompida). Polo que se refire a outros momentos do proceso musical como son a improvisación e a composición, estas contribúen a desenvolver a habilidade de planificar e xestionar proxectos, levando a cabo as accións necesarias para desenvolvelos: tomar as decisións oportunas, realízalos e, posteriormente, avalialos extraendo conclusións para o futuro.
- **Competencia social e cidadá (CSC).** A maioría das actividades relacionadas coa música son de tipo colectivo, especialmente as relacionadas coa interpretación (ensaios, execución en público, gravacións, etc), e contribúen, polo tanto, á adquisición de habilidades para saber desenvolverse socialmente, relacionándose en pé de igualdade cos demais, respectando e valorando as súas opinións e o seu traballo, así como coordinando as propias accións coas dos demais integrantes do grupo para a consecución dun obxectivo común.

-Tratamento da información e competencia dixital (CD). A música experimentou un gran desenvolvemento tecnolóxico. A aprendizaxe de informática musical neste nivel de contidos, como programas editores de partituras, contribúe ao desenvolvemento desta competencia e favorece, ao mesmo tempo, o seu aproveitamento como ferramenta para os procesos de autoaprendizaxe e para os momentos de ocio. Tamén é importante a aprendizaxe que necesita procedementos de busca de información a través de materiais escritos e Internet.

- Aprender a aprender: CAA). A audición activa, a análise elemental e a apreciación crítica de obras musicais de distintos estilos, xéneros e culturas contribúe a desenvolver as capacidades para a aprendizaxe como son o silencio, a atención, a concentración, a memoria, a análise e a extracción de conclusións.

- Comunicación lingüística: CCL). A música é unha linguaxe cunha serie de códigos e unidades de significación (notas, motivos) que se van ampliando ata crear estruturas formais maiores, como a frase ou a sección. O estudo da forma musical contribúe a que se comprendan mellor as estruturas morfolóxicas e sintácticas da linguaxe verbal e, polo tanto, a unha mellor comunicación.

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía : CMCCT). A música é unha arte que ten gran conexión coas matemáticas; de feito, a linguaxe musical é unha arte abstracto e baseado en dous piares: ritmo e melodía. Pola súa vez, ambos se basean en proporciones numéricas. Ademais, axuda a interpretar datos e argumentacións e formular razoamentos desde o pensamento abstracto.

O coñecemento do mecanismo de produción da voz é un factor decisivo non só á hora de conseguir o obxectivo de desenvolver o potencial vocal de cada persoa senón tamén de previr problemas de saúde como cansazo vocal, rouquéns, afonías e de utilizar correctamente a respiración. Ademais, o coñecemento de parámetros do son –como a intensidade e a reflexión sobre temas afíns a este, como o consumo indiscriminado de música–, o excesivo volume ao que se escoita a música en determinados ambientes e o exceso de ruídos na vida cotiá contribúen a desenvolver esta competencia.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

1º ESO OBRADOIRO MUSICAL:

SON: Analizar o son como fenómeno físico-acústico e perceptivo. Coñecer as súas principais calidades ou características. Comprender o mecanismo de produción da voz humana e as súas características, e recoñecer o seu valor como medio de comunicación e de expresión artística. Apreciar a importancia social da música en todas as culturas. Recoñecer os diferentes tipos e xéneros musicais.

RITMO E COMPÁS: Sentir a pulsación da música e a pauta de acentuación, tratando de diferenciar o compás correspondente. Realizar e practicar ritmos en diferentes compases. Saber o que significa a notación de compás. Recoñecer auditiva e visualmente. Desenvolver a creatividade, a atención e a memoria musicais. Recoñecer e practicar as síncope, o contratempo e os grupos de valoración especial: tresillo e dosillo

LINGUAXE: Coñecer os principais signos da linguaxe musical para representar sons de distinta altura e duración. Comprender a utilidade das claves musicais e recoñecer con soltura as notas en clave de Sol. Clasificar os instrumentos musicais segundo a produción do son. Apreciar o valor da escritura e linguaxe musicais para a difusión e a evolución da música en Occidente.

A VOZ HUMANA E OS INSTRUMENTOS MUSICAIS: Diferenciar as propiedades da voz. Recoñecer os tipos de voces humanas. Analizar e comparar estilos de canto. Coñecer a

clasificación dos instrumentos musicais. Recoñecer auditiva e visualmente, os principais instrumentos de da orquestra. Coñecer diferentes tipos de agrupacións. A EXPRESIÓN MUSICAL: DINÁMICA E TEMPO. Coñecer os principais elementos que interveñen na expresión musical e o xeito de indicalos na partitura. Recoñecer auditivamente a dinámica, o tempo, o carácter e a articulación de pezas musicais. Entrar en contacto coa Historia da música e a música doutras culturas, aprendendo a respectala como parte do Patrimonio Artístico da Humanidade, e sendo conscientes da gran diversidade e riqueza deste. Valorar a achega inglesa e estadounidense á música actual.

2º ESO:

Bloque 1. Interpretación e creación

Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical e da voz utilizando unha linguaxe técnica apropiada.

Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.

Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.

Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).

Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.

Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.

Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz

Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.

Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel

Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas establecidas.

Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.

Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras.

Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.

Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.

Bloque 2. Escoita

Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.

Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais.

Sigue partituras como apoio á audición.

Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.

Describe os elementos das obras musicais propostas.

Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical.

Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor

Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.

Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica.

Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza.

Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.

Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego

Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.

Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos.

Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcripción de pezas.

Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais

Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.

Bloque 3. Movemento e Danza.

Non poderemos traballar este curso por non dispor da aula de música ante a situación da excepcionalidade da pandemia Covid.

Bloque 4. Música e tecnoloxías.

Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.

Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.

Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.

3º ESO:

Bloque 1. Interpretación e creación

Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).

Recoñece, comprende e analiza tipos de textura.

Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais.

Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.

Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.

Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.

Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.

Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.

Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.

Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.

Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.

Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.

Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/a e dos compañeiros/as.

Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.

Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.

Amosa interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexiona sobre elas.

Investiga de forma creativa acerca das posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros.

Bloque 2. Escoita

Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música.

Le e analiza partituras como apoio á audición.

Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.

Amosa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas.

Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas.

Describe de xeito pormenorizado os diferentes elementos das obras musicais propostas usando distintas linguaxes.

Utiliza recursos con autonomía como apoio ao análise musical.

Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.

Bloque 3. Contextos musicais e culturais

Expresa contidos musicais e relaciónaos con épocas da historia da música e con outras disciplinas.

Recoñece e interpreta manifestacións da danza identificando e explicando con linguaxe técnica adecuada a época histórica á que pertencen.

Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia.

Amosa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición

Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes.

Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais.

Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade.

Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.

Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.

Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.

Bloque 4. Música e tecnoloxías

Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.

Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.

Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.

4º ESO. AEeD.

Bloque 1. Común

Coñece e explica a función da danza, o teatro e outras artes escénicas en situacións e contextos diversos (actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.).

Reflexiona sobre as artes escénicas e a danza como un medio de intervención e transformación da realidade e da conciencia social.

Valora o legado do patrimonio artístico español, comprendendo a importancia da súa preservación e transmisión.

Recoñece e aplica os beneficios experimentados que achegan a danza e o teatro á saúde física e psíquica.

Analiza e comenta os espectáculos de danza, teatro e outras artes escénicas aos que se asistiu, en relación cos contidos estudados.

Demuestra riqueza comunicativa verbal e non verbal.

Entende as artes escénicas e a danza como un espazo activo de escoita e de diálogo, procurando modos de expresión máis aló da palabra.

Amosa interese por construír unha personalidade autónoma e independente.

Bloque 2. Teatro

Recoñece e describe as características dos estilos e das formas de danza e de teatro.

Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación dun repertorio variado de teatro en grupo, incorporando a expresión xestual, oral e cinética, e desenvolvendo unha partitura escénica.

Coñece e escenifica os estilos e as técnicas escénicas que fomentan o autoconhecimento, a creatividade, a emoción e a conciencia corporal.

Colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.

Utiliza con rigor os elementos e as calidades do movemento na improvisación teatral.

Utiliza a improvisación como medio para explorar a situación, o conflito, o personaxe e a acción.

Utiliza a improvisación como técnica de creación dramática e teatral

Participa en las actividades de grupo.

Interpreta e memoriza un repertorio variado de teatro en grupo.

Bloque 3. Danza

Recoñece, clasifica e sitúa no tempo, na cultura e no estilo as danzas e os espectáculos vistos previamente na aula.

Interpreta e memoriza un repertorio variado de danzas en grupo.

Integra pautas de conciencia corporal e de control de movemento traballadas na aula.

Utiliza con rigor os elementos e as calidades do movemento na improvisación da súa danza.

Elabora e presenta con rigor e precisión pequenas estruturas coreográficas, en grupos pequenos, medianos e grandes.

Bloque 4. Outras artes escénicas

Recoñece e describe as artes escénicas e as súas manifestacións.

Recoñece e diferencia as artes escénicas no seu conxunto, en función das súas características específicas e singulares.

LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL. 1º BACHARELATO.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA CL

- Describe as características das obras escoitadas, utilizando a terminoloxía axeitada.
- Identifica e interpreta os signos gráficos propios da linguaxe musical contemporánea.
- Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA MATEMÁTICA E DAS COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIAS E TECNOLOXÍA: CT

- Coñece os órganos e as funcións do aparello fonador.
- Reproduce e identifica intervalos, escalas ou acordes a partir de diferentes alturas, utilizando unha correcta emisión da voz.
- Interpreta instrumentalmente ou vocalmente, con total precisión dentro dun tempo establecido, estruturas rítmicas adecuadas a este nivel dunha obra ou un fragmento, sentindo internamente o pulso e aplicando, se procede, as
- equivalencias nos cambios de compás

- Executa con independencia estruturas rítmicas simultáneas, utilizando e desenvolvendo a disociación auditiva e motriz.
- Practica a lectura e a escritura musical, recoñecendo a súa importancia para afondar na aprendizaxe da linguaxe musical.
- Percibe o pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como a identificación do acento periódico base do compás, e logra unha correcta interiorización do pulso que lle permite posteriormente unha axeitada execución individual ou colectiva
- Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos etc., das obras escoitadas ou interpretadas.
- Identifica e interpreta os termos e signos relacionados co ritmo e coa expresión musical.
- Identifica e interpreta os signos gráficos propios da linguaxe musical contemporánea.
- Recoñece elementos básicos harmónicos e formais.
- Practica variantes de fórmulas rítmicas coñecidas e improvísas libremente, acordándoas co pulso e o compás do fragmento escoitado.
- Crea unha pequena obra musical utilizando os coñecementos musicais adquiridos
- Utiliza correctamente editores de partituras, secuenciadores, MIDI e software para aplicacións audiovisuais.
- Utiliza de forma autónoma os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a audición, a interpretación, a creación, a edición, a gravación, a investigación e a aprendizaxe do feito musical.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA DIXITAL

- Utiliza de forma autónoma os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a audición, a interpretación, a creación, a edición, a gravación, a investigación e a aprendizaxe do feito musical.
- Utiliza correctamente editores de partituras, secuenciadores, MIDI e software para aplicacións audiovisuais

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER

- Realiza exercicios de respiración, relaxación, articulación, fraseo, etc., e valóraos como elementos imprescindibles para a adquisición da técnica vocal.
- Reproduce e identifica intervalos, escalas ou acordes a partir de diferentes alturas, utilizando unha correcta emisión da voz.
- Practica a lectura e a escritura musical, recoñecendo a súa importancia para afondar na aprendizaxe da linguaxe musical.
- Identifica os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando diferentes soportes.
- Utiliza os instrumentos da aula cunha
- técnica correcta.
- Aplica a técnica vocal para cantar entoadamente e afinadamente nas actividades de interpretación.
- Crea unha pequena obra musical utilizando os coñecementos musicais adquiridos

- Constrúe a través do movementu unha creación coreográfica adecuando a súa concepción ao carácter expresivo da obra.
- Utiliza de forma autónoma os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a audición, a interpretación, a creación, a edición, a gravación, a investigación e a aprendizaxe do feito musical.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DAS COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS: CSC

- . Practica as técnicas necesarias para controlar o medo escénico.
- Compórtase de maneira correcta como espectador/a e como intérprete na realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos.
- Constrúe a través do movementu unha creación coreográfica adecuando a súa concepción ao carácter expresivo da obra
- Mantén unha actitude positiva para integrarse como un membro máis no grupo
- técnica correcta.
- Aplica a técnica vocal para cantar entoadamente e afinadamente nas actividades de interpretación.
- Utiliza os instrumentos da aula cunha
- . Mantén unha actitude positiva ante a música e os compañeiros.
- Percibe o pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como a identificación do acento periódico base do compás, e logra unha correcta interiorización do pulso que lle permite posteriormente unha axeitada execución individual ou colectiva.
- Executa con independencia estruturas rítmicas simultáneas, utilizando e desenvolvendo a disociación auditiva e motriz.
- Realiza exercicios de respiración, relaxación, articulación, fraseo, etc., e valóraos como elementos imprescindibles para a adquisición da técnica vocal.
- Aplica a técnica vocal para cantar entoada e afinadamente, aplicando as indicacións expresivas e dinámicas presentes na partitura
- Reproduce e identifica intervalos, escalas ou acordes a partir de diferentes alturas, utilizando unha correcta emisión da voz

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA EN SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR : CSIEE

- Mantén unha actitude positiva para integrarse como un membro máis no grupo.
- Crea unha pequena obra musical utilizando os coñecementos musicais adquiridos.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS CCEC

- Crea unha pequena obra musical utilizando os coñecementos musicais adquiridos
- Asimila os conceptos tonais e modais básicos, desenvolvendo a creatividade e a capacidade de seleccionar e usar libremente os elementos da linguaxe musical de acordo cunha idea e estruturados nunha forma musical
- Coñece o repertorio traballado e ten capacidade de memorización, sensibilidade musical e capacidade expresiva.
- Mantén unha actitude positiva ante a música e os compañeiros.

- Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical.
- Identifica os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando diferentes soportes.
- Recoñece elementos básicos harmónicos e formais.
- Identifica e interpreta os signos gráficos propios da linguaxe musical contemporánea.
- Identifica e interpreta os termos e signos relacionados co ritmo e coa expresión musical.
- Describe as características das obras escoitadas, utilizando a terminoloxía axeitada
- Escoita e recoñece os elementos básicos das linguaxes propias da música culta, jazz, rock e flamenco, así como os máis importantes da linguaxe musical contemporánea
- . Escoita obras musicais seguindo a partitura.
- Utiliza a lectura e a escritura musical como apoio á audición
- Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos etc., das obras escoitadas ou interpretadas
- Practica a lectura e a escritura musical, recoñecendo a súa importancia para afondar na aprendizaxe da linguaxe musical.
- Interpreta instrumentalmente ou vocalmente, con total precisión dentro dun tempo establecido, estruturas rítmicas adecuadas a este nivel dunha obra ou un fragmento, sentindo internamente o pulso e aplicando, se procede, as
- Aplica a técnica vocal para cantar entoada e afinadamente, aplicando as indicacións expresivas e dinámicas presentes na partitura.

3.- OBXECTIVOS

3.1.- OBXECTIVOS DE ETAPA

ESO

Utilizar a voz, o corpo, obxectos, instrumentos e dispositivos electrónicos para expresar ideas e sentimentos, enriquecendo as propias posibilidades de comunicación e respectando outras formas distintas de expresión.

Desenvolver e aplicar diversas habilidades e técnicas que posibiliten a creación, a interpretación vocal e a instrumental, o movemento e a danza, tanto de forma individual como en grupo.

Escoitar unha ampla variedade de obras, de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, apreciando o seu valor como fonte de coñecemento, enriquecemento intercultural e gozo persoal, interesándose por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.

Recoñecer as características de diferentes obras musicais como exemplos da creación artística e do patrimonio cultural, recoñecendo as súas intencións e funcións e aplicando a terminoloxía apropiada para describilas e valoralas criticamente.

Utilizar de forma autónoma diversas fontes de información -medios audiovisuais, internet, textos, partituras e outros recursos gráficos- para o coñecemento e gozo da música.

Coñecer e utilizar diferentes medios audiovisuais e tecnoloxías da información e da comunicación como recursos para a produción musical, valorando a súa contribución ás distintas actividades musicais e á aprendizaxe autónoma da música.

Participar na organización e realización de actividades musicais desenvolvidas nos diferentes contextos, con respecto e disposición para superar estereotipos e prexuízos, tomando conciencia, como membro dun grupo, do enriquecemento que se produce coas contribucións dos demais.

Comprender e valorar as relacións entre a linguaxe musical e outras linguaxes e ámbitos de coñecemento, así como a función e o significado da música en diferentes producións artísticas e audiovisuais e nos medios de comunicación.

Elaborar xuízos e criterios persoais, mediante unha análise crítica dos diferentes usos sociais da música, sexa cal sexa a súa orixe, aplicándoos con autonomía e iniciativa a situacións cotiás e valorando a contribución que a música lle proporciona á comunidade.

Valorar o silencio e o son como fenómenos naturais e como elementos musicais, tomando conciencia da súa función como parte integral do ambiente e utilizando coñecementos da ecoloxía acústica para aproximarse a paisaxes sonoras de diferentes épocas e espazos para combater a polución sonora.

BACHARELATO

Percibir conscientemente os elementos constitutivos da linguaxe e os distintos parámetros musicais, partindo da propia experiencia auditiva ou da interpretación lida, memorizada ou improvisada, de diferentes pezas musicais.

Ser capaces de ler partituras de complexidade media en canto a ritmos e notas.

Interiorizar o pulso musical, desenvolvendo a coordinación motora, a través da realización de ritmos percutidos e de actividades de danza e movemento evolucionando no espazo e construíndo figuras harmoniosas en consonancia co carácter da música.

Adquirir destrezas básicas na execución de estruturas rítmicas que utilicen a síncopa, contratempos e polirritmos.

Saber dos tipos de tempos e recoñecelos auditivamente.

Percibir e executar con independencia estruturas e desenvolvementos rítmicos ou melódicos, utilizando e desenvolvendo a disociación auditiva e motora.

Coñecer o que entendemos por forma musical e a estrutura da forma canción. Coñecer os elementos que conforman a frase musical.

Coñecer os acordes dunha escala, a súa estrutura e elementos, o acorde tríade e o cifrado dos acordes.

Ter coñecemento do concepto de motivo musical.

- Coñecer os tipos de motivos máis representativos.

- Adquirir destrezas básicas para crear e transformar motivos.
- Crear solos e en grupo motivos musicais.

Coñecer a estrutura da escala, os seus elementos, as escalas diatónicas e pentatónicas e a tonalidade maior. Saber o significado das alteracións e a súa función dentro da escala.

Desenvolver a memoria e o "oído interno" para relacionar a audición coa escritura, así como para recoñecer timbres, estruturas, formas, indicacións dinámicas, agónicas e de tempo.

Recoñecer a través da audición, da experimentación e da lectura os acordes, as estruturas harmónicas básicas, as súas normas e os sons de ornamentación e intensificación.

Analizar formalmente e interpretar composicións modernas.

Interpretar con destreza distintas obras vocais e instrumentais.

Expresarse musicalmente a través da improvisación, a composición, a interpretación instrumental e vocal, o movemento, a audición, gozando e compartindo a vivencia cos compañeiros.

Utilizar unha correcta emisión da voz para a reprodución interválica e melódica xeral, ata considerala un medio expresivo propio.

Indagar sobre a voz, as precaucións e os seus cuidados, e exercicios a realizar para favorecer o canto.

Saber expresarse corporalmente a través da danza

Ter iniciativa persoal á hora de preparar diferentes actividades musicais, a nivel artístico e técnico.

3.2.- OBXECTIVOS DE CADA CURSO

1º ESO OBRADOIRO MUSICAL

Valorar a música como medio de expresión artística

Desenvolver e apreciar a creatividade, a atención e a memoria musical utilizando a voz, o corpo, obxectos e instrumentos musicais.

Fomentar tanto o traballo individual como en equipo (tarefas en grupo e práctica musical, tanto vocal como instrumental e de expresión corporal). Levar a cabo un traballo en grupo enriquecedor.

Utilizar de forma autónoma diversas fontes de información, medios audiovisuais, Internet, textos, partituras e outros recursos gráficos para o coñecemento e ledicia da música

Coñecer as principais calidades do son e as súas características

Sentir a pulsación da música. Realizar e practicar ritmos en diferentes compases

Comprender o mecanismo de produción da voz humana e as súas características, e recoñecer o seu valor como medio de comunicación e de expresión artística

Apreciar a importancia social da música en todas as culturas. Entrar en contacto coa música doutras culturas, aprender a respectalas como parte do patrimonio artístico da humanidade, sendo conscientes da súa gran diversidade e riqueza

Iniciarse no coñecemento dos diferentes tipos e xéneros musicais
Coñecer os principais signos da linguaxe musical para representar sons de distinta altura e duración
Valorar o papel da música nos medios audiovisuais
Apreciar o valor da escritura e linguaxe musicais para a difusión e a evolución da música en Occidente
Comprender a utilidade das claves musicais e recoñecer con soltura as notas en clave de sol
Clasificar os instrumentos musicais segundo a produción do son. Recoñecer, auditiva e visualmente, os compoñentes da sección de corda, vento e percusión da orquestra
Dar a coñecer, a toda a nosa comunidade educativa, o traballo dos alumnos/as
Promover o uso das tics

Obxectivos específicos da sección bilingüe:

Complementar a ensinanza da lingua inglesa. Tratar de mellora- la capacidade de expresión e comprensión oral e escrita dos alumnos/as en Inglés.
Facer a lingua estranxeira máis “real”, utilizando o inglés en contextos variados.
Descubrir a posibilidade que ofrece a lingua inglesa como unha valiosa ferramenta para investigar e describir contidos relacionados coa música.
Valorar a achega inglesa e estadounidense á música actual.
Mesmo tempo intensificarase o desenvolvemento das destrezas integradas dentro do currículo da Lingua Inglesa na sección bilingüe.
Preparar os nenos e nenas para a súa mobilidade por outros países.

2º ESO

Utilizar a voz, o corpo, obxectos e instrumentos para expresar ideas e sentimentos, ao tempo que se enriquecen as propias posibilidades de comunicación e respéctanse outras formas de expresión.
Espertar e desenvolver as facultades artísticas e persoais, tanto a nivel físico (coordinación, expresión corporal...) como persoal (perder o medo a expresarse en público, ganar cada vez máis expresividade)
Desenvolver e aplicar diversas habilidades e técnicas que posibiliten a interpretación (vocal, instrumental e de movemento e danza) e a creación musical, tanto individuais como en grupo.
Recoñecer diferentes ritmos e desenvolver a capacidade de escritura dos mesmos.
Comprender a importancia da voz como medio de comunicación oral e musical e saber como se produce aprendendo as partes do aparato fonador e comprendendo o seu manexo así como as súas patoloxías e características de cada tipo de voz.
Aprender os diferentes tipos de agrupacións corais
Comprender a importancia da respiración para o canto e a locución e diferenciar os diferentes tipos.
Valorar os son e o silencio como parte da música .Distinguir as súas calidades.
Diferenciar entre ruído e son.
Diferenciar as familias de instrumentos musicais e distinguir tanto na escrita como na escoita cada un deles.

Utilizar de forma autónoma diversas fontes de información –medios audiovisuais, Internet, textos, partituras e outros recursos gráficos– para o coñecemento e goce da música.

Participar na organización e realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos, con respecto e disposición para superar estereotipos e prexuízos, tomando conciencia, como membro dun grupo, do enriquecemento que se produce coas achegas dos demais.

Comprender e valorar as relacións entre a linguaxe musical e outras linguaxes e ámbitos de coñecemento.

Valorar o silencio e o son como parte integral do medio ambiente e da música.

Este ano por motivos de protocolo por mor do Covid obviaranse os obxectivos que fagan referencia a movemento e danza

3º ESO

Valorar a importancia do legado da música feita ó longo da historia na cultura e a música occidentais actuais.

Valorar e comparar as funcións da música na nosa sociedade coas funcións da música nas diferentes épocas da historia.

Identificar mediante a escoita e describir os principais elementos rítmicos da música na historia e recoñecer a súa vixencia na música actual.

Ser quen de aplicar dun xeito creativo os recursos rítmicos traballados nas diferentes unidades.

Valorar o poder de transmisión de estados anímicos da música a través do estudo dos modos na Antigüidade Clásica e ao longo da historia.

Desenvolver habilidades de interpretación vocal e instrumental. Coñecer os principais instrumentos musicais empregados nas diferentes épocas e contextos.

Comprender a importancia da estreita relación entre as ciencias, as artes e a música na historia.

Utilizar distintos recursos tecnolóxicos e de tratamento da información para elaborar e presentar pequenas investigacións sobre diferentes temas.

Participar na interpretación colectiva, vocal e instrumental de obras das diferentes épocas.

Comprender y valorar la importancia de la danza y el ballet ó longo da historia e participar nos exercicios de danza e movemento colectivos na aula.

Escoitar obras de diferentes xéneros valorando a súa importancia como manifestación cultural dunha época e entendendo as diferenzas entre elas.

Utilizar de forma autónoma diversas fontes de información (medios audiovisuais, internet, textos, partituras e outros recursos gráficos) para o coñecemento da historia da música.

Relacionar a música co resto de manifestacións artísticas e o pensamento dunha época.

Recoñecer auditivamente e determinar a época ou cultura á que pertencen distintas obras musicais escoitadas na aula.

Aprender técnicas para a creación musical. Participar na organización e realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos.

Identificar, describir e utilizar elementos de organización e estruturación musicais: melodías, acordes, texturas, estruturas, etc.

Reflexionar sobre o consumo masivo da música a partir da aparición dos sistemas de gravación do son.

Comprender as diferentes funcións que desempeña a música no medio audiovisual.

Coñecer a historia da música nos principais medios audiovisuais do século XX: o cine, a radio e a televisión

Valorar a importancia de internet como ferramenta básica para a investigación musical.

Coñecer as características propias e diferenciadoras das músicas tradicionais de diferentes partes do mundo, de África, Asia, Europa, América e Australia.

4º ESO AEeD

Desenvolver a capacidade de improvisación.

Desenvolver o coñecemento do que entendemos por Artes escénicas e Danza.

Manexar os elementos de representación escénica.

Entender e dominar conceptos básicos de organización escénica.

Interpretar obras escénicas desenvolvendo as súas capacidades e habilidades e de traballo en grupo.

Respectar as creacións propias e alleas.

Investigar sobre a historia das AEeD.

Discriminar e entender as diferentes artes escénicas.

Descifrar o código musical na lectura de partituras.

Valorar o silencio na lectura, improvisación e interpretación.

Diferenciar distintos tipos de obras teatrais, óperas, musicaisdanzas e ballet, e a súa procedencia cultural.

Entender las formas/estructuras das AEeD.

Amosar interese por obras de diferentes culturas, diversificando o gusto.

Coñecer o patrimonio escénico español e galego e adoptar unha actitude de conservación e transmisión do mesmo.

Desenvolver actitude crítica e capacidade de argumentación e razoamento en cuestión escénica.

Valorar as artes escénicas contemporáneas desenvolvendo capacidade de análise crítico.

Manexar as ferramentas tecnolóxicas na gravación, a reprodución, a creación ou a interpretación.

Utilizar os recursos informáticos como medios de aprendizaxe e investigación da música.

4.- CONTIDOS

4.1.- CONTIDOS, SECUENCIA E TEMPORALIZACIÓN

1º ESO

ESCOITA:

- Aplicación de estratexias de atención, audición interior, memoria comprensiva e anticipación durante a propia interpretación e a creación musical.
- Utilización de recursos corporais, vocais e instrumentais, medios audiovisuais e tecnoloxías, textos, partituras, musicogramas e outras representacións gráficas para a comprensión da música escoitada.
- Realización de exercicios de adestramento auditivo. Valoración da audición como forma de comunicación e como fonte de coñecemento e enriquecemento intercultural.

Interese por desenvolver hábitos saudables de escoita e de respecto aos demais durante a audición.

- Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo e dinámica e identificación destes na audición e a análise de obras musicais de diferentes xéneros e estilos.
- Discriminación e clasificación auditiva dos diferentes tipos de voces e instrumentos.
Interese por coñecer músicas de distintas características e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais.

INTERPRETACIÓN:

- Uso da voz e a palabra como medios de expresión musical. Exploración e descubrimento das posibilidades da voz como medio de expresión musical e práctica da relaxación, respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.
- Recoñecemento dos instrumentos e o corpo como medios de expresión musical. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.
- Práctica, memorización e interpretación de pezas vocais e instrumentais aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación.
- Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao director e aos outros intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.
- Práctica das distintas técnicas do movemento e a danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e o movemento e interpretación dun repertorio variado de danzas. (non poderá ser por mor da pandemia covid)
- Utilización dos dispositivos e instrumentos electrónicos dispoñibles para a interpretación e gravación de pezas e actividades musicais.
- Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e achega de ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.

CREACIÓN:

- Práctica da improvisación, a elaboración de arranxos e a composición como recursos para a creación musical. Improvisación vocal e instrumental, individual e en grupo, en resposta a distintos estímulos musicais e extramusicais. Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das diferentes actividades que se realizan na aula.
- Utilización dos recursos para a conservación e difusión das creacións musicais. Rexistro das creacións propias usando distintas formas de notación e diferentes técnicas de gravación, valorando a lectura, a escritura e a gravación sonora como recursos para a conservación e difusión dunha obra musical. Utilización de recursos informáticos e outros dispositivos electrónicos nos procesos de creación musical.
- Realización de producións audiovisuais, sonorizando representacións dramáticas, actividades de expresión corporal e danza e imaxes fixas e en movemento.

CONTEXTOS MUSICAIS:

- Coñecemento das características da música tradicional en xeral e da galega en particular, valorando a importancia de preservar este repertorio musical como parte fundamental do noso patrimonio cultural.
- Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, intérpretes, música, danzas e bailes tradicionais.

- Conciencia e sensibilización ante o perigo que supón para a nosa saúde o exceso sonoro, desenvolvendo hábitos saudables e mantendo unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a polución sonora.

Contidos da sección bilingüe:

Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación non varían respecto aos do resto do alumnado. Pode haber lixeiros cambios na secuenciación de contidos. Por outra parte, ademais dos contidos salientados na programación, introducíranse algúns aspectos relacionados coa música e a cultura anglosaxona: vocabulario e expresións básicas en inglés para describir as diferentes calidades do son, os principais xéneros musicais, así como o nome dalgúns instrumentos e as súas familias (incluídas a voz humana). Nomenclatura básica en inglés dos principais elementos da linguaxe musical. Audición e interpretación de cancións anglosaxonas.

Os contidos de esta materia optativa de 1º da ESO do obradoiro interactúan e entrecruzasen ao longo do curso. Todos os contidos son impartidos en todas as avaliacións.

2º ESO

Bloque 1. Interpretación e creación

B1.1. Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical

B1.2. Características da voz e da palabra como medios de expresión musical. Habilidades técnicas e interpretativas, exploración e descuberta das posibilidades da voz como medio de expresión musical.

B1.3. Instrumentos e corpo como medios de expresión musical: características xenéricas e formais.

B1.4. Agrupacións vocais e instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas. Interpretación individual e en grupo.

B1.5. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.

B1.6. Fomento da sensibilidade estética, desenvolvida a través da comprensión e a interiorización da música.

B1.7. Grafías e outras formas de notación musical, convencionais e propias, empregadas como expresión musical.

B1.8. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.

B1.10. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/ás demais intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.

B1.12. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.

B1.13. Improvisación, elaboración de arranxos e composición como recursos para a creación musical en todas as súas vertentes; elaboración de arranxos de cancións e pezas instrumentais, con acompañamentos sinxelos e selección de distintos tipos de organización musical.

B1.14. Composición de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións, a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula

B1.15. Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras.

Bloque 2. Escoita

B2.1. Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.

B2.2. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.

B2.3. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos, e das agrupacións vocais e instrumentais.

B2.4. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.

B2.5. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita.

B2.6. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Investigación de músicas de distintas características para ampliar as propias preferencias musicais.

B2.7. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.

Bloque 3. Contextos musicais e culturais

B3.1. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.

B3.2. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.

B3.3. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais

B3.4. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.

B3.5. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores/as, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.

B3.6. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións.

Bloque 4. Música e tecnoloxías

B4.1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.

B4.2. Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.

B4.3. Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.

B4.4. Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais.

B4.5. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.

B4.6. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.

Non imos utilizar libro de texto. Usaremos un caderno feito pola profesora, ademais das partituras e follas que se podan ir facilitando durante o curso.

Empezamos dando prioridade aos contidos máis sinxelos e máis precisos para que adquiran base para a comprensión posterior da materia. Todos os apartados dos catro bloques de contidos se traballarán durante todo o curso.

TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

Este ano, polas condicións que se nos amosan, por mor da pandemia, facer unha temporalización exacta é moi complicado, debido a que non sabemos os medios, os recursos e como se vai a ir presentando o desenvolvemento do curso:

Se fai unha temporalización aproximada que poderá verse alterada polas circunstancias e imprevistos que poidan ir aparecendo.

Na primeira avaliación trataremos:

Teoría:

1. “O son e as súas calidades”.

2. Ritmo: Pulso, acento e compás, Metrónomo, diapasón, contratempo e O punto.

Realmente os conceptos rítmicos irémolos dando na práctica e se pretenderá que os interioricen cos diferentes exercicios que fagamos na clase, tanto rítmicos como instrumentais e de movemento. E se avaliará nas clases prácticas.

Práctica:

O ritmo e os seus elementos: pulso, acento, compás. Estes elementos quedarán incluídos na parte teórica e se traballarán na práctica .

Comezaremos facendo exercicios de improvisación rítmica para afacerse co ritmo mediante percusión corporal con e sen base instrumental.

Continuaremos facendo ritmos sinxelos lendo partituras rítmicas de branca, negra, corchea...

Ritmos con textos..

Escoitaremos diferentes audicións nas que diferencien e marquen o pulso da obras e o acento de canda unha que da lugar ao compás.

Canto: apnea e diferentes cancións onde traballaremos, sobre todo, a afinación respiración e colocación da voz , mantendo sempre a distancia de 1,5 m e con máscara.

A parte de movemento e danza e fruta queda eliminada.

Na segunda avaliación:

Teoría:

“A voz humana” : Proceso de fonación e partes do aparello fonador, tipos de tesituras e rexistros e tipos de agrupacións vogais.

Seguiremos traballando os elementos do ritmo, semicorcheas, contratempos, anacrusa

Práctica

Ritmo: Afondaremos no asimilado nas obras da primeira avaliación e proporemos outras que traballen semicorcheas, e anacrusa. Improvisacións rítmica e melódicas

Tamén traballaremos ritmos con percusión corporal

De ser posible faremos algunha actividade de fruta.

Na terceira avaliación:

Teoría:

“Os instrumentos musicais”: Cordófonos, aerófonos, membranófonos, idiófonos e electrónicos

Creación de instrumentos con material reciclado.

Práctica:

Ritmo: con obxectos, tales como vasos.

Vocal. Interpretación e creación dalgunha canción.

3º ESO

Bloque 1. Interpretación e creación

Repaso dos elementos da representación gráfica da música

La textura musical.

Procedementos compositivos e formas de organización musical.

Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas.

Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.

Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.

Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.

Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.

Fomento da sensibilidade estética desenvolvida a través da comprensión e interiorización da música.

Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula

Práctica, creación, memorización e interpretación de pezas musicais en grupo, aprendidas a través da lectura de partituras con diversas formas de notación.

Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.

Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.

Bloque 2. Escoita

Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos e das agrupacións vocais e instrumentais.

Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.

Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.

Aplicación de estratexias de atención, audición interior, memoria comprensiva e anticipación durante a interpretación e a creación musical.

Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e as composicións realizadas na aula. Interese por coñecer músicas de distintas características e por ampliar as propias preferencias musicais.

Música en vivo: concertos e outras manifestacións musicais, da propia cultura musical e de outras. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita.

Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.

Valoración da audición como forma de comunicación e como fonte de coñecemento e enriquecemento intercultural.

Bloque 3. Contextos musicais e culturais

A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.

Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.

Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores e compositoras, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.

O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.

Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical galego, occidental e doutras culturas.

Épocas da historia da música: características principais, autores/as significativos/as, audicións con apoio de partitura e interpretación de pezas ou fragmentos das distintas épocas.

Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións.

Recollida de información, valoración e exposición do feito musical ao longo da historia

Bloque 4. Música e tecnoloxías

Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.

Aplicación de diferentes técnicas de gravación para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.

Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.

Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e na gravación de pezas musicais.

Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.

Temporalización: Os contidos están distribuídos en nove unidades, de forma que traballaremos tres en cada avaliación. Ao comezo do curso dedicaremos dúas semanas ao coñecemento do alumnado, ao repaso dos coñecementos básicos e a avaliación inicial. Dependendo da dificultade variable nas diferentes unidades dedicaremoslle máis ou menos tempo e tamén en función das características de cada grupo, pero a programación está feita para dedicar cinco períodos lectivos a cada unidade e unha máis de repaso e profundización. En cada unidade iranse combinando os catro conceptos que abarca a nosa materia (escoita, interpretación, creación e contextos musicais).

4º ESO AEeD

Bloque 1. Común

- B1.1. Concepto e tipoloxía das artes escénicas: ópera, teatro e danza.
- B1.2. Historia da ópera.
- B1.3. Teatro musical.
- B1.4. Historia do teatro e da danza.
- B1.5. Teatro e danza en Europa, España e Galicia.
- B1.6. Elementos básicos da ficción escénica.
- B1.7. Tradicións escénicas: oriente e occidente.
- B1.8. A ópera en Europa, España e Galicia.
- B1.9. Beneficios da práctica da danza o canto e o teatro para o desenvolvemento integral das persoas e para a mellora da saúde.
- B1.10. A exploración do corpo e do movemento como instrumentos expresivos.

Bloque 2. Teatro

- B2.1. Paradigmas e escolas de interpretación.
- B2.2. Estrutura dramática: situación, personaxe, obxectivo, conflito e acción.
- B2.3. Deseño dun espectáculo: equipos, fases e áreas de traballo.
- B2.4. Oficios da práctica escénica: dirección escénica, dramaturxia, escenografía, interpretación, iluminación, indumentaria, caracterización, espazo sonoro e atrezzo.
- B2.5. Técnicas de interpretación e improvisación.
- B2.6. Técnica vocal: respiración, colocación, apoio e articulación.
- B2.7. Expresión oral: expresión e ritmo en prosa e en verso.

Bloque 3. Danza

- B3.1. Descrición e análise das formas e os estilos de danza.
- B3.2. Paradigmas e escolas de danza.
- B3.3. Técnicas de danza
- B3.4. Aliñamento e coordinación corporal.
- B3.5. Relación coa gravidade e enerxía do movemento.
- B3.6. O corpo no espazo: traxectoria, desprazamento e foco.
- B3.7. Musicalidade e precisión rítmica.
- B3.8. Calidades e dinámicas do movemento.
- B3.9. Estructuras coreográficas
- B3.10. Exploración de formas de movemento propias a través da improvisación libre.
- B3.11. Técnicas de improvisación. Improvisación pautada.
- B3.12. Composición coreográfica.

Bloque 4. Outras artes escénicas

- B4.1. Espectáculos escénicos: circo, espectáculos musicais e performance.
- B4.2. Creación e difusión de produtos escénicos en Galicia.
- B4.3. Importancia da música cinematográfica, publicitaria e de ambientación. A danza no cine.

Temporalización: Todos os contidos prácticos interactúan entre si de modo que traballaremos todos nas tres avaliacións. En canto a parte teórica quedan como segue:

1ª Avaliación:

- B1.1. Concepto e tipoloxía das artes escénicas: ópera, teatro e danza.
- B1.4. Historia do teatro
- B1.6. Elementos básicos da ficción escénica.
- B1.7. Tradicións escénicas: oriente e occidente.
- B1.9. Beneficios da práctica do teatro para o desenvolvemento integral das persoas e para a mellora da saúde.
- B1.10. A exploración do corpo e do movemento como instrumentos expresivos.
- B2.1. Paradigmas e escolas de interpretación.
- B2.2. Estrutura dramática: situación, personaxe, obxectivo, conflito e acción.
- B2.3. Deseño dun espectáculo: equipos, fases e áreas de traballo.
- B2.4. Oficios da práctica escénica: dirección escénica, dramaturxia, escenografía, interpretación, iluminación, indumentaria, caracterización, espazo sonoro e atrezzo.
- B2.5. Técnicas de interpretación e improvisación.
- B2.6. Técnica vocal: respiración, colocación, apoio e articulación.
- B2.7. Expresión oral: expresión e ritmo en prosa e en verso.

2ª Avaliación:

- B1.2. Historia da ópera.
- B1.3. Teatro musical.
- B1.8. A ópera en Europa, España e Galicia.
- B2.6. Técnica vocal: respiración, colocación, apoio e articulación.
- B1.9. Beneficios da práctica do canto para o desenvolvemento integral das persoas e para a mellora da saúde.
- B4.1. Espectáculos escénicos: circo, espectáculos musicais e performance.

3ª Avaliación:

- B3.1. Descrición e análise das formas e os estilos de danza.
- B3.2. Paradigmas e escolas de danza.
- B3.3. Técnicas de danza
- B3.4. Aliñamento e coordinación corporal.
- B3.5. Relación coa gravidade e enerxía do movemento.
- B3.6. O corpo no espazo: traxectoria, desprazamento e foco.
- B3.7. Musicalidade e precisión rítmica.
- B3.8. Calidades e dinámicas do movemento.
- B3.9. Estructuras coreográficas
- B3.10. Exploración de formas de movemento propias a través da improvisación libre.
- B3.11. Técnicas de improvisación. Improvisación pautada.
- B3.12. Composición coreográfica.
- B4.2. Creación e difusión de produtos escénicos en Galicia.

B4.3. Importancia da música cinematográfica, publicitaria e de ambientación. A danza no cine.

LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL 1º BACH.

Bloque 1. Destrezas musicais

Utilización da voz, individual ou colectivamente, partindo do coñecemento do aparello fonador, o seu funcionamento, a respiración, a emisión, a articulación, a relaxación e a afinación.

Interpretación vocal atendendo ás indicacións relativas á expresión, á dinámica, á agónica, á articulación dos sons e os seus ataques, e á ornamentación musical.

Entoación individual e colectiva de escalas, intervalos melódicos, harmónicos, arpejos ou acordes.

Interiorización do pulso.

Interpretación instrumental atendendo ás indicacións relativas á expresión, á dinámica, á agónica, á ornamentación musical, e á articulación dos sons e dos seus ataques.

Práctica da lectura articulada e da escritura tanto melódica como harmónica nas claves de sol e fa en cuarta, e da escritura tanto melódica como harmónica.

Práctica de lectura de notas, sen clave, aténdose ao debuxo interválico.

B1.8. Práctica da lectura de obras musicais utilizando partituras.

Bloque 2. A audición comprensiva

Percepción e identificación do pulso, dos acentos e dos compases binarios, ternarios e cuaternarios.

Percepción, identificación e transcripción de fórmulas rítmicas básicas orixinadas polo pulso binario ou ternario.

Percepción, identificación e transcripción de signos que modifican a duración, síncope, anacruses, notas a contratempo, cambios de compás, grupos de valoración especial, equivalencias pulso-pulso e fracción-fracción, etc.

Identificación auditiva das características morfolóxicas básicas das obras musicais, tanto as que teñen como fundamento a linguaxe da música culta como as que teñen como fundamento as linguaxes musicais contemporáneas, o jazz, a música tradicional, o rock, o flamenco e as músicas do mundo.

Percepción, identificación auditiva e transcripción das escalas, funcións tonais-acordes maiores e menores, acordes de sétima dominante e de sétima diminuída, cadencias e os modos e intervalos fóra do concepto tonal.

Recoñecemento comprensivo das texturas musicais e dos timbres instrumentais nas obras escoitadas ou interpretadas.

Recoñecemento auditivo e transcripción dos esquemas rítmicos, das melodías, dos intervalos e dos fragmentos melódicos resultantes da combinación dos devanditos elementos.

Reproducción vocal memorizada dos esquemas rítmicos, das melodías, dos intervalos e dos fragmentos melódicos resultantes da combinación dos devanditos elementos.

Identificación de erros ou as diferenzas entre un fragmento escrito e un fragmento escoitado.

B2.10. Transcripción de esquemas harmónicos das obras escoitadas.

Bloque 3. A teoría musical

Coñecemento das grafías das fórmulas rítmicas, simultaneidade de ritmos, signos que modifican a duración, síncope, anacruse, notas a contratempo, os grupos de valoración especial contidos en un e varios pulsos, etc.

Coñecemento das grafías e dos termos relativos á expresión musical, á dinámica, ao tempo, á agónica, á articulación musical e ao ataque dos sons.

Aproximación ás grafías contemporáneas.

Coñecemento das normas de escritura melódica.

Coñecemento e comprensión dos ritmos característicos das danzas e das obras musicais.

Coñecemento e comprensión de escalas, funcións tonais, intervalos, cadencias, acordes básicos e complementarios, tonalidade, modalidade e modulación.

Coñecemento dos principais sistemas de cifraxa harmónica.

Coñecemento da ornamentación musical.

Comprensión do efecto que producen na música os sons da ornamentación e intensificación expresiva.

Ámbito sonoro das claves e a súa relación entre si.

Bloque 4. A creación e a interpretación

Realización vocal ou instrumental de fórmulas rítmicas orixinadas polo pulso binario ou ternario e as súas variantes.

Improvisación, tanto individual como colectiva, de breves melodías.

Utilización das escalas e acordes máis habituais no sistema modal e tonal.

Interpretación memorizada de obras ou fragmentos musicais vocais adecuados ao nivel, con ou sen acompañamento.

Interpretación memorizada de obras ou fragmentos musicais vocais adecuados ao nivel, con ou sen acompañamento.

Achegamento aos procesos compositivos máis habituais.

Utilización da expresión corporal e o movemento corporal como complemento ao feito musical.

Desenvolvemento da lateralidade a través da realización simultánea de diferentes ritmos básicos

Participación activa na organización e na realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos.

Participación na organización e na realización de actividades con respecto e disposición para superar estereotipos e prexuízos, tomando conciencia, como parte dun grupo, do enriquecemento que se produce coas achegas das demais persoas.

Bloque 5. As tecnoloxías aplicadas ao son

Fenómeno físico-harmónico; movemento ondulatorio; serie de Fourier.

Características acústicas dos instrumentos: instrumentos transpositores e electrónicos; manipulación artificial do son.

Fundamentos dos sistemas de afinación. Proporcións asociadas aos intervalos: consonancia e disonancia. Serie harmónica. Índices acústicos. Diapasón.

Transmisión e amortecemento do son.

Sinal analóxico e sinal dixital. Dixitalización do son analóxico.

Síntese do son: mostraxe (samplers), filtros de frecuencias e multipistas.

Hardware musical: computadores, tarxetas de son e conexións.

Tipos de software musical: editores de partituras, secuenciadores, programas xeradores de acompañamentos e mesas de mesturas.

Práctica dos sistemas de gravación analóxica ou dixital, de procesamento de sons de comunicación MIDI en interpretacións ou creacións propias.

Uso da música con soporte electrónico en producións escénicas ou audiovisuais.

Realización de sonorizacións a través da improvisación, a composición ou a selección musical de textos ou de imaxes.

Temporalización:

1ª Avaluación:

Tema teórico:

“Elementos da música”

Exercicios de respiración y vocalización

Exercicios de ritmo:

- Johnny be Goode: de Chuck Berry
- FREILACH
- OTRO VASO DE VINO
- LA ESCALA
- BODY BLUESLY, EL RESPETO

Instrumental, frauta

- Annatoy
 - The song of the sun
- O son do ar

Práctica vocal

Práctica xeral

Actitude

Actuación e exposición en clase

Tecnoloxía

2ª Avaluación:

Tema teórico:

“Elementos da música: harmonía e análise”

Os diferentes estilos de música (Jazz Pop-rock, clásica, popular...) traballo investigación e exposición do mesmo

Exercicios de respiración e vocalización

Exercicios de ritmo:

- BODY BLUESLY,
- EL RESPETO para traballar os contratempos
- CALIPSO (tamén con frauta) para traballar as sincopas

Instrumental, frauta

- “When you say nohing at all”
 - YMCA
- Braveheart

Práctica vocal

Práctica xeral

Actitude

Traballos: A notación

3ª Avaluación:

Tema teórico:

“Editores de audio: Audacity”

Exercicios de respiración e vocalización

Exercicios de ritmo:

- Ritmos de vasos
- Invencións Rítmicas

- Invención por grupos
- Instrumental, frauta: Segundo o avance da clase
 Práctica vocal
 Práctica xeral
 Actitude
 Actuación e exposición en clase
 Tecnoloxía: Uso del audacity

4.2.- CONTIDOS MÍNIMOS

1º ESO

Actitudinais:

- Recoñecemento da inconveniencia do uso indiscriminado do son e a voz.
- Aprecio e recoñecemento do patrimonio cultural, tanto culto como popular. Respecto e valoración ante as manifestacións artísticas e culturais de diferentes sociedades e épocas.
- Valoración da grafía musical como medio de comunicación e de difusión da música. Interese por aprender a linguaxe musical como medio para a interpretación e práctica musicais.
- Colaboración e participación na produción musical conxunta. Participación nas producións musicais en grupo e respecto polas achegas dos compañeiros.
- Atención e desenvolvemento da escoita activa nas actividades de audición
- Toma de conciencia das implicacións do desenvolvemento tecnolóxico sobre o campo musical.

Conceptuais:

- O son: produción, propagación e percepción. Son determinado (musical) e son indeterminado (ruído). As calidades do son: altura, intensidade, duración e timbre. A contaminación acústica. A voz: anatomía e fisioloxía (aparatos respiratorio, fonador e resoador).
- Música "cultura" e música popular. Xéneros musicais. Música noutras culturas
- Signos musicais para representar sons de distinta altura e duración. Pulso e acento. Ritmo. Compás. A expresión musical: matices de intensidade, tempo ou movemento, carácter, acentos e articulación.
- Os instrumentos musicais. Clasificación dos instrumentos por familias: corda, vento, percusión e electrónicos. Agrupacións.
- A voz humana. Agrupacións vocais: grupos de cámara e coros.
- Danzas do mundo.

Procedimentais:

- Discriminación auditiva de sons de diferentes calidades: grave/agudo, forte/débil, largo/corto, timbres distintos. Exercicios de respiración, emisión e vocalización. Diferenciación das voces segundo súas características. Audición de fragmentos musicais de distintos xéneros. Clasificación de pezas musicais de acordo as súas características.

- Lectura, entoación y recoñecemento auditivo de notas musicais en clave de Sol. Recoñecemento das partes de un instrumento: vibrador, modificadores o selectores de ton, resoador. Elaboración dun proxecto e construción dun instrumento musical.
- Interpretación en grupo de pezas sinxelas con instrumentos escolares. Interpretación coral de pezas vocais a dúas voces. Discriminación auditiva dos tipos de voces. Análise de pezas vocais de distintas épocas e repertorio variado. Iniciación á informática musical por medio del sinxelo editor de partituras “MuseScore”.
- Interpretación rítmica con diferentes matices e velocidades. Audición de obras musicais para recoñecer e analizar os distintos elementos de expresión musical: matices, tempo, carácter, articulación.
- Traballo en grupo con expresión corporal e danza.

2º ESO

Bloque 1. Interpretación e creación

- 1.T1-T2 Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical e da voz utilizando unha linguaxe técnica apropiada P.
- 2.PR Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.
- 5.PV Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.
- 7.P-T1 Aмосa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.
- 8.PV Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz
- 5.PV Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.
- 7.P-T1 Aмосa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.
- 8.PV Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz
- 10.P Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.
- 13.TODOS Aмосa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
- 16.TODOS Aмосa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras.
- 17.P Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.
- 18.P Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.

Bloque 2. Escoita

- 19.T3 Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.

22.P e T Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición

27.T2 Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica.

34.T,P Emprega un vocabulario adecuado para describir percepción e coñecementos musicais

35.T,P Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.

Bloque 4. Música e tecnoloxías

38.T Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.

3º ESO

MUB1.1.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).

MUB1.3.1. Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais.

MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.

MUB1.6.1. Práctica e interpreta pezas instrumentais de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.

MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.

MUB2.4.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas.

MUB2.5.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, con rigor e claridade.

MUB3.1.1. Expressa contidos musicais e relacións con épocas da historia da música e con outras disciplinas.

MUB3.1.3. Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia.

MUB3.4.1. Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música

4º ESO AEeD

O teatro: historia, evolución e representantes

Participación con interese e creatividade nas distintas actividades individuais e colectivas.

Aceptación e cumprimento da normas que require a interpretación en grupo.

Valoración da vida escénica do contorno.

Deseño dun pequeno espectáculo ou danza.

Características e evolución histórica da ópera.

A zarzuela: características e evolución histórica.

Técnicas de interpretación e improvisación vocal

O ballet : historia e representantes

A relación de música e danza nas distintas épocas históricas.

A música popular en España e en Galicia. Principais danzas.
As músicas do mundo: a música latinoamericana. As danzas.
Participación con interese na práctica e o deseño coreográfico
Actitude positiva ante os distintos fenómenos culturais.
Participación con interese e creatividade nas distintas actividades individuais e colectivas.
Aceptación e cumprimento da normas que esixe a interpretación en grupo.

LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL 1º BACH.

BLOQUE PRÁCTICO:

RITMO: Traballados mediante percusión corporal, e instrumentos de percusión e diferentes obxectos.

Johnny be Goode: de Chuck Berry

FREILACH

OTRO VASO DE VINO

LA ESCALA

BODY BLUESLY, EL RESPETO para traballar os contratempos

CALIPSO (tamén con frauta) para traballar as síncopas.

Estes dous traballaranse na 2ª avaliación e a avaliación será observando a actitude e boa execución dos exercicios. Tamén terase en conta a iniciativa e creatividade con novas variantes dos exercicios.

Invenção por grupos de acompañamentos usando distintas bases rítmicas e instrumentacións.

Na 3ª avaliación, cando os coñecementos son maiores, farán eles composicións e a avaliación será baseada na observación da consecución dos estándares que buscan alcanzar unha creatividade no alumno.

PRÁCTICA INSTRUMENTAL

- Annatoy
- The song of the sun
- O son do ar

PRÁCTICA VOCAL: exercicios de respiración e vogalización (velas, respiración circular, Trabalinguas...)O repertorio se escollerá e repartirá a medida que avance o curso, en función do nivel que presenten os alumnos. Ó final se dará unha lista das melodías que se terán en conta na programación, aínda que pode estar suxeita a variacións

Preparacións dos festivais de Nadal e fin de curso

BLOQUE TECNOLÓXICO

Creación de montaxes audiovisuais

BLOQUE TEÓRICO:

LINGUAXE MUSICAL:

Ritmo e os seus elementos

Melodía e os seus elementos

Textura-Armonía

ESTILOS MUSICÁIS
música culta, popular e moderna

EDITOR DE AUDIO
Audacity

5.- AVALIACIÓN

5.1.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNO

Aténdonos ao proxecto de real decreto polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional, a nova lei modifica de forma sinalada a regulación da avaliación, a promoción e a titulación, baseándoa principalmente na consecución dos obxectivos e na adquisición das competencias que se estimen necesarios para a formación do alumnado en cada momento. En consonancia, cobra unha especial relevancia a actuación colexiada do equipo docente, a quen se outorga a responsabilidade última da decisión sobre a promoción e a titulación do seu alumnado.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria será continua, formativa e integradora. No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo. Na avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado teremos en conta a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o desenvolvemento das competencias correspondentes. O carácter integrador da avaliación non impedirá que realicemos de maneira diferenciada a avaliación de cada materia tendo en conta os nosos criterios de avaliación. O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente. As decisións sobre promoción e titulación serán adoptadas colexiadamente polo equipo docente tras unha convocatoria de avaliación que terá lugar ao finalizar o curso escolar.

1º ESO OBRADOIRO MUSICAL

Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfico, corporal ou verbal), algúns elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada. Mediante este criterio avaliarase se o alumnado, ante a audición de obras musicais de carácter variado, é capaz de:

- a) identificar e describir ritmo, melodía, textura, timbre e forma nunha obra musical;
- b) distinguir e clasificar tipos de voces e instrumentos musicais,
- c) identificar a repetición, imitación e a variación como formas de organización e estruturación dunha obra musical;
- d) expresar o escoitado mediante o uso de distintas linguaxes: gráfico, corporal e verbal;
- e) describir con sensibilidade e imaxinación as sensacións e emocións que transmite a música;

f) escoitar atentamente, mostrando unha actitude aberta e respectuosa cara ás diferentes propostas musicais.

Comunicar os demais xuízos persoais acerca da música escoitada. Mediante este criterio avaliarase se o alumnado, ante a audición de diferentes tipos de música é capaz de: comparar e axuizar diferentes obras musicais; empregar os conceptos musicais axeitados ao nivel para dar opinións ou "falar de música"; buscar en diferentes fontes (libros, programas de concertos, entrevistas, medios de comunicación, Internet e outros), seleccionar e expoñer, de forma oral e escrita, información sobre a música escoitada; buscar, seleccionar e expoñer información sobre instrumentos e intérpretes de calquera estilo musical; participar na dinámica da clase, contrastando opinións e mostrando tolerancia e curiosidade ante as propostas musicais que se traten.

Participar na interpretación de pezas vocais, instrumentais e coreográficas, adecuando a propia interpretación á do conxunto e asumindo distintos roles. Mediante este criterio avaliarase se o alumnado, independentemente do grao de desenvolvemento técnico alcanzado, ante un repertorio variado de obras de xéneros e estilo diferentes, ou exercicios musicais propios aprendidos de memoria, a través da audición ou observación de gravacións de audio e vídeo, ou mediante a lectura de partituras e outros recursos gráficos é capaz de: a) usar a voz sendo conscientes da respiración, emisión e articulación; b) coidar a postura corporal durante a interpretación; c) asumir distintos roles: cantante, bailarín ou bailarina, director ou directora e solista; d) participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación; e) adecuar a propia interpretación á do conxunto; f) colaborar na consecución duns resultados que sexan produto do traballo en equipo; g) corrixir erros e perseverar ata lograr un resultado acorde coas propias posibilidades; h) contribuír ao coidado do clima sonoro da aula.

Utilizar con autonomía algúns dos recursos tecnolóxicos dispoñibles. Mediante este criterio avaliarase se o alumno ou a alumna, facendo uso dos recursos tecnolóxicos dispoñibles (dispositivos electrónicos, audiovisuais e informáticos), e sen valorar o grao de dominio técnico que fan destes é capaz de: a) utilizar con coherencia, os diferentes medios tecnolóxicos dispoñibles como apoio á interpretación e creación musical; b) mostrar interese e disposición a utilizar os recursos tecnolóxicos de forma autónoma naquelas actividades que requiran o seu uso; c) ser consciente do carácter funcional na utilización dalgúns dispositivos electrónicos, audiovisuais e informáticos, para a gravación e reprodución de audio e vídeo;

Ler distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de interpretación e audición. Mediante este criterio avaliarase se o alumno ou a alumna, a través de distintos tipos de partituras axeitadas ao seu nivel é capaz de: a) comprender algúns dos signos e símbolos usados para representar a música; b) seguir a audición de obras musicais coa axuda de partituras, musicogramas e outras representacións gráficas; c) apoiarse en partituras, musicogramas e outras representacións gráficas durante a interpretación musical; d) mostrar destreza na lectura da partitura; e) ser consciente da funcionalidade da lectura musical.

Identificar no ámbito cotián situacións nas que se produce un uso indiscriminado do son, analizando a súa causa e proponendo solucións. Mediante este criterio avaliarase se, ante o uso indiscriminado do son, o alumno ou a alumna é capaz de: a) comprender e ser consciente do perigo que supón para a nosa saúde o exceso sonoro; b) identificar situacións de contaminación acústica no ámbito cotián, especialmente aquelas provocadas por un uso inadecuado da música, analizando causas que a producen; c) proponer solucións orixinais á contaminación acústica; d) contribuír activamente ao coidado da saúde e á conservación dun ámbito libre de rúidos molestos.

Engadimos algunhas matizacións para a **SECCIÓN BILINGÜE**: Incorporar os anteriores criterios o uso gradual da lingua inglesa para describir unha obra musical; participar na dinámica da clase utilizando expresións en inglés traballadas previamente; comprensión de mensaxes orais e escritas en inglés sobre música; buscar, seleccionar e expoñer de forma oral ante os compañeiros información sobre algún aspecto relacionado coa música en inglés (con apoio visual).

2º ESO

Bloque 1. Interpretación e creación

Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais.

Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).

Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.

Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.

Amosar interese polas actividades de composición e improvisación, e respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras.

Bloque 2. escoita

Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as súas agrupacións.

Seguir distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.

Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.

Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.

Identificar situacións do ámbito cotián nas que se produce un uso indiscriminado do son, analizar as súas causas e propor solucións.

Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras disciplinas.

Apreciar a importancia do patrimonio cultural musical español e galego, e comprender o valor de conservalo e transmitilo.

Valorar a asimilación e o emprego dalgúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou "falar de música".

Bloque 4. Música e tecnoloxías

Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música.

Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.

3º ESO

Bloque 1. Interpretación e creación (*ESTE BLOQUE VERASE SEVERAMENTE AFECTADO NALGÚNS GRUPOS E CURSOS POR TER QUE ADAPTARNOS AS AULAS DE REFERENCIA A CAUSA DA PANDEMIA POLO COVID, E NON PODER IMPARTIR A MATERIA NA AULA DE MÚSICA*)

B1.1. Repaso dos elementos da representación gráfica da música.

B1.2. Textura.

B1.3. Procedementos compositivos e formas de organización musical.

B1.4. Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas.

B1.5. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.

B1.6. Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.

B1.7. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.

B1.8. Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.

B1.9. Fomento da sensibilidade estética desenvolvida a través da comprensión e interiorización da música.

B1.10. Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula

B1.11. Práctica, creación, memorización e interpretación de pezas musicais en grupo, aprendidas a través da lectura de partituras con diversas formas de notación.

B1.12. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.

B1.13. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.

Bloque 2. Escoita

B2.1. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos e das agrupacións vocais e instrumentais.

B2.2. Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.

B2.3. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.

B2.4. Aplicación de estratexias de atención, audición interior, memoria comprensiva e anticipación durante a interpretación e a creación musical.

B2.5. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e as composicións realizadas na aula. Interese por coñecer músicas de distintas características e por ampliar as propias preferencias musicais.

B2.6. Música en vivo: concertos e outras manifestacións musicais, da propia cultura musical e de outras. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita.

B2.7. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.

B2.8. Valoración da audición como forma de comunicación e como fonte de coñecemento e enriquecemento intercultural.

Bloque 3. Contextos musicais e culturais

B3.1. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.

B3.4. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.

B3.5. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores e compositoras, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.

B3.6. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.

B3.7. Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical galego, occidental e doutras culturas.

B3.8. Épocas da historia da música: características principais, autores/as significativos/as, audicións con apoio de partitura e interpretación de pezas ou fragmentos das distintas épocas.

B3.9. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións.

B3.10. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical ao longo da historia.

Bloque 4. Música e tecnoloxías

B4.1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.

B4.2. Aplicación de diferentes técnicas de gravación para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.

B4.3. Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.

B4.4. Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e na gravación de pezas musicais.

B4.5. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.

4º ESO AEeD

Bloque 1. Común

B1.1. Expor de forma crítica a opinión persoal respecto da función das artes escénicas (danza, teatro, circo, ópera, etc.) e a súa importancia como medio de expresión de sentimentos, emocións, ideas e sensacións.

B1.2. Apreciar a importancia do patrimonio español e galego en artes escénicas, e comprender o valor de conservar e transmitir o seu legado.

B1.3. Explicar o papel da danza e do teatro para a mellora da saúde física e psíquica a través da súa propia experiencia.

B1.4. Realizar unha reflexión sobre os espectáculos de danza, teatro e outras artes escénicas.

B1.5. Desenvolver capacidades e destrezas lingüísticas orais e escritas, non verbais, xestuais e mímicas que aumenten o acervo expresivo e o repertorio comunicativo.

B1.6. Xerar recursos para desenvolver un maior coñecemento de si mesmo/a e unha personalidade autónoma e independente.

Bloque 2. Teatro

B2.1. Explicar os estilos e as formas de teatro: textual, xestual, de obxectos, musical e lírico.

B2.2. Interpretar nun espazo escénico unha peza teatral onde se valoren as destrezas e as habilidades adquiridas.

B2.3. Demostrar a capacidade para improvisar unha secuencia de movementos, libres ou cun fin determinado e valorar a importancia da improvisación teatral.

B2.4. Integrarse en dinámicas de grupo creativas que fomenten un comportamento social, solidario, tolerante, responsable e asertivo que lle axude a superar inhibicións, medos e obstáculos comunicativos.

Bloque 3. Danza

B3.1. Explicar os estilos (clásica, moderna, española e baile flamenco) e as formas de danza (étnicas e populares), en función da historia e das especialidades educativas.

B3.2. Interpretar en grupo danzas a través da aprendizaxe de coreografías, memorizadas e ensaiadas ao longo do curso.

B3.3. Demostrar a capacidade para improvisar unha secuencia de movementos, libres ou cun fin determinado, e valorar a importancia da improvisación en danza.

Bloque 4. Outras artes escénicas

B4.1. Explicar as características doutras artes escénicas, a súa evolución ao longo da historia e o seu papel na sociedade.

LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL 1º BACH.

Bloque 1. Destrezas musicais

Entoar cunha correcta emisión da voz, individual ou conxuntamente, unha melodía ou unha canción con acompañamento.

Identificar e reproducir intervalos, modelos melódicos sinxelos, escalas ou acordes arpexiados a partir de diferentes alturas.

Identificar e executar instrumentalmente ou vocalmente estruturas e patróns rítmicos ou melódicos simultáneos dunha obra breve ou dun fragmento, con ou sen cambio de compás, nun tempo establecido.

Bloque 2. A audición comprensiva

Recoñecer autidivamente o pulso dunha obra ou dun fragmento, así como o acento periódico, e interiorizalo para manter durante breves períodos de silencio.

Recoñecer auditivamente e describir con posterioridade as características das obras escoitadas ou interpretadas

Bloque 3. A teoría musical

Coñecer e aplicar na lectura e na interpretación de partituras os termos e os signos relacionados co ritmo e coa expresión musical.

Recoñecer nunha partitura os elementos básicos da linguaxe musical.

Bloque 4. A creación e a interpretación

Realizar exercicios psicomotores e improvisar estruturas rítmicas sobre un fragmento escoitado de maneira tanto individual como conxunta.

Improvisar, individualmente ou colectivamente, breves melodías tonais ou modais, pequenas formas musicais partindo de premisas relativas a diferentes aspectos da linguaxe musical.

Interpretar de memoria, individualmente ou conxuntamente, fragmentos de obras do repertorio seleccionados entre os propostos polo alumnado, valorando as achegas do grupo e desenvolvendo o espírito crítico.

Improvisar ou compor e interpretar unha breve obra musical para unha melodía dada, que necesite a participación de varios executantes e incorporar movemento coreográfico, utilizando os coñecementos musicais adquiridos.

Saber comportarse como espectador/a e intérprete, e controlar o medo escénico nas actuacións.

Bloque 5. As tecnoloxías aplicadas ao son

Realizar traballos e exercicios aplicando as ferramentas que ofrecen as novas tecnoloxías.

Crear pezas sonoras ou audiovisuais utilizando distintos sistemas de reprodución e gravación de son.

5.2.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1º ESO

A avaliación será continua e formativa, valorando non só os contidos si non tamén as súas aptitudes e destrezas. Valoraremos a súa creatividade e actitude participativa.

Avaliación inicial: Nos primeiros 15 días do curso procederemos a observación para coñecer o nivel do alumnado e poder afrontar posibles reforzos e adaptacións curriculares

e toma de medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

Recursos para a avaliación: Todas as actividades que se realicen na aula constituirán elementos de avaliación: observación da actividade diaria do alumnado, da carpeta de materiais de crase o libreta, traballos, asistencia a clase, participación e interese no traballo individual e grupal, diálogo persoal, grupos de traballo, etc., e por último, a realización de probas orais e escritas. A nosa materia de 1º da ESO é una optativa de oferta propia do noso centro e a plantexamos como un obradoiro lúdico de aprendizaxe musical.

Cando un alumno non faga as actividades básicas imprescindibles (prácticas, teóricas ou non presente o caderno e as tarefas) sen causa que se considere xustificada, entenderase que a cualificación da ditas actividades será CERO e, polo tanto, considerarase suspensa a avaliación correspondente.

No caso de que nos vexamos obrigados a traballar dende a casa e avaliar ese traballo, farase a través dos traballos e actividades que a profesora lles esixa en cada momento.

Plan de recuperación da materia: Os contidos prácticos da segunda avaliación englobarán tamén os da primeira. Os contidos prácticos da terceira avaliación englobarán tamén os da primeira e os da segunda. Pódese, pois, recuperar unha delas na seguinte ou nas seguintes. Faranse probas de recuperación en cada trimestre. Un alumno que non acade avaliación positiva na terceira avaliación, non será avaliado positivamente na avaliación final de xuño. A parte teórica se poderá recuperar cunha proba na 3ª avaliación.

En ningún caso o alumnado poderá aprobar a materia en Xuño sen ter aprobada a terceira avaliación.

Sección bilingüe:

Os criterios de avaliación serán os mesmos, pero tamén teremos en conta a adquisición de vocabulario en inglés. O esforzo no uso da lingua Inglesa aínda que non se penalizará a falta de fluidez, e deberán saber expresar de forma oral e escrita, con frases sinxelas e axeitadas aos contidos de Inglés de 1º da ESO.

Avaliación ordinaria e extraordinaria.

Para acadar unha puntuación de aprobado na convocatoria ordinaria de Xuño cómpre ter as tres avaliacións aprobadas. Para acadar unha puntuación de aprobado na convocatoria extraordinaria que por vez primeira pasa a ser no mes de Xuño, cómpre superar o exame extraordinario que, como mínimo, constará dunha parte escrita (teórica e/ou práctica) e outra práctica (linguaxe musical e práctica instrumental).

2º ESO

Se a avaliación constitúe un proceso flexible os procedementos terán que ser de diversa índole, entre outros, contemplaremos:

- A observación de comportamentos e o interese mostrado en clase
- Probas orais e escritos
- Participación na clase
- Iniciativa á hora de facer actividades.

En caso de que nos confinen, a avaliación farase a distancia mediante a entrega dos traballos que correspondan dependendo da parte que se estea a traballar nese momento.

Avaliación inicial: Nos primeiros 15 días do curso procederemos a facer probas teóricas e prácticas individuais e conxuntas para coñecer o nivel do alumnado e poder afrontar posibles reforzos e adaptacións curriculares

Recursos para a avaliación:

Terase en conta o comportamento e actitude. Observación do proceso de aprendizaxe, centrándonos principalmente na observación do desenvolvemento das habilidades e destrezas relacionadas coa expresión musical. A actitude de atender na clase e o interese por aprender serán moi importantes para a avaliación do alumnado.

Probas escritas: Constarán de cuestións teóricas e/ou prácticas. Como mínimo farase unha por avaliación.

Se a avaliación é presencial, farase mediante a observación do traballo feito na clase na parte práctica e a realización dunha proba teórica.

En caso de que estivéramos confinados se fará a avaliación mediante a entrega de traballos que se lles vaia pedindo aos alumnos

No caso de que non se fagan as probas esixidas ou non se entreguen os traballos requiridos, a materia non estará aprobada.

De calquera das maneiras, deben terse aprobados tanto o bloque teórico como práctico. A parte práctica é continua, co cal se se van aprobando as diferentes avaliacións quedaría aprobada e a parte teórica requirirá dunha recuperación do bloque que estea suspenso.

Plan de recuperación da materia: Os contidos prácticos da segunda avaliación englobarán tamén os da primeira. Os contidos prácticos da terceira avaliación englobarán tamén os da primeira e os da segunda. Pódese, pois, recuperar unha delas na seguinte ou nas seguintes. Faranse probas de recuperación en cada trimestre. Un alumno que non acade avaliación positiva na terceira avaliación, non será avaliado positivamente na avaliación final de xuño. A parte teórica se poderá recuperar cunha proba na 3ª avaliación.

Programas específicos personalizados para o alumnado repetidor: A profesora contacta con eles o comezo de curso e lles entrega o plan de traballo que supervisa en clase, e queda con os que queren nun recreo por semana para traballar.

Plan de traballo para asuperación das materias pendentes: Non soe haber pendentes, neste curso, na nosa materia, xa que o obradoiro musical de 1º ESO o aproba a maioría do alumnado e os que non o aproban repiten 1º. No caso de que promocionen por imperativo legal facemos un seguimento específico na clase ao longo do curso.

Avaliación ordinaria e extraordinaria.

Para acadar unha puntuación de aprobado na convocatoria ordinaria de Xuño cómpre ter as tres avaliacións aprobadas. Os alumnos que resulten avaliados negativamente a principio de xuño deberán presentarse a una proba obxectiva escrita a finais de xuño. Neste caso teremos tres semanas para reforzar a materia. O alumnado que estea aprobado axudará na tarefa de reforzo aos que teñan a materia suspensa e farán actividades prácticas con eles mentres a profesora os axudará con cuestións máis técnicas e teóricas. A profesora poderá ademais fixar unas tarefas (prácticas) que serán entregadas o día do exame, baseadas no repertorio e exercicios practicados ao longo do curso. É requisito indispensable para o aprobado que tanto a parte práctica como teórica estean aprobados.

3º ESO

Avaliación inicial: Nos primeiros 15 días do curso procederemos a observación mediante probas teóricas e prácticas individuais e conxuntas, para coñecer o nivel do alumnado e poder afrontar posibles reforzos e adaptacións curriculares. A xefa do departamento dispón dun material de traballo feito por ela dirixido a traballar cos alumnos que o necesitan xa que veñen con un nivel máis baixo que os seus compañeiros por diferentes causas: chegan novos ó centro e teñen un nivel máis baixo, son inmigrantes que no estudian nunca música, etc. Por iso a profesora vai facilitándolles dito material no primeiro trimestre para que o traballen ben na clase, ben nas súas casas e así poidan ir pouco a pouco collendo o nivel básico. Xa comprobamos en anos anteriores que os alumnos que teñen interese en seguida se adaptan e aproban a materia.

Recursos para a avaliación: Identificación auditiva dous diferentes caracteres expresivos producidos polos modos maior e menor.

Utilización de partituras para a comprensión e a análise da música

Análise a través da audición de obras de diferentes estilos para recoñecer nelas a forma e outras características seguindo a ficha de análise da audición. Identificación auditiva de ditas obras de diferentes épocas e estilos artísticos

Interpretación de pezas vocais e instrumentais a partir da lectura de partituras e a memorización

Práctica da interpretación instrumental en grupo e sobre unha base harmónica dada

Utilización de recursos tecnolóxicos e informáticos para buscar información sobre varios temas traballados nas unidades

Creación de acompañamentos rítmicos e de bordón para diversas obras da música profana medieval.

Lectura e comprensión de textos.

Identificación auditiva e a través da análise de partituras da textura homofónica e a textura contrapuntística.

Identificación en partituras da época dos principais símbolos da notación musical

Interpretación instrumental e vocal a varias voces de pezas sinxelas.

Representación de diferentes danzas. Baile dunha coreografía sinxela asociada a unha canción tradicional.

Utilización básica dun programa dixital de edición de partituras.

Realización de presentacións con diapositivas ou Power Point dedicadas ás distintas artes e períodos históricos

Seguimento de musicogramas de obras clásicas.

Procura de relacións entre situacións do pasado e do presente: fusión de estilos, debates sobre a vangarda, etc.

Interpretación instrumental de diferentes propostas de música tradicional e folclórica.

Interpretación vocal de cancións sinxelas procedentes de diferentes músicas tradicionais e folclóricas.

Asistencia ás clases.

Traer o material adecuado (libro, caderno, frauta, útiles de escritura)

Actitude positiva nas clases, respectando ó/a profesor/a e ós compañeiros e compañeiras.

Realización diaria dos exercicios teóricos e prácticos propostos.

En cada avaliación faranse cuestionarios na aula virtual, e un exame teóricos sobre as audicións explicadas, escoitadas e traballadas na aula, e un exame práctico individual de solfexo e frauta das partituras correspondentes. En cada parte avaliábel deberá obterse un mínimo de calificación de un 3/8 para poder optar a facer media cos outros, e en ningún caso se fará media con menos desa nota. Obterase o aprobado cando a media dos exames sexa como mínimo dun cinco.

Plan de recuperación da materia: Os contidos de cada avaliación son diferentes e por iso fanse exames de recuperación teóricos e prácticos da cada avaliación para facilitar que os alumnos que suspenderon teñan unha nova oportunidade de aprobar a materia. Non se fará examen final de todo o curso de recuperación na convocatoria ordinaria de Xuño.

Un día a semana no recreo o dedicamos para a atención dos alumnos que teñan a materia pendente, para a resolución das dúbidas do alumnado que necesita reforzo e para a entrega dos exercicios.

Programas específicos personalizados para o alumnado repetidor:A xefa do seminario contacta con eles o comezo de curso e lles entrega o plan de traballo semanal a os que o queren e queda con eles nun recreo por semana para traballar.

Avaliación ordinaria e extraordinaria.Para acadar unha puntuación de aprobado na convocatoria ordinaria de Xuño cómpre ter as tres avaliacións aprobadas. Para acadar unha puntuación de aprobado na convocatoria extraordinaria, cómpre superar o exame extraordinario que, como mínimo, constará dunha parte escrita (teórica e/ou práctica) e outra práctica (linguaxe musical e práctica instrumental).

Plan de traballo para a superación das materias pendentes:Utilízase o programa de reforzo cos alumnos que deixaron a asignatura de 2º ESO pendente, xa que a profesora en 3º ten clase con eles e vai facilitándoo e correxindo semanalmente dito material para que así poidan recuperar a materia pendente. Estes alumnos teñen a posibilidade de aprobar a pendente se van traballando ben no seguinte curso e aproban os exames de 3º na 1ª avaliación. Se non é así, terán que facer o exame final da asignatura pendente. Un día a semana no recreo o dedicamos para a atención dos alumnos que teñan a materia pendente, para a resolución das dúbidas do alumnado que necesita reforzo e para a entrega dos exercicios.

Instrumentos da avaliación e criterios de cualificación das materias pendentes:os alumnos que promocionan coa materia pendente se lles reducen os contidos e si tiveran una das partes da materia aprobada no curso anterior (sexa a práctica o a teórica) gardaselles o aprobado da dita parte.A profesora contacta cos que promocionan a 4º ESO coa música pendente e ofrecelles a posibilidade de traballar a fondo con ela a metade dun recreo semanal para poder aprobar a pendente na 1ª avaliación. Se non asisten e traballan de este xeito, terán que facer cuestionarios e exames teóricos sobre a teoría e as audicións explicadas, escoitadas e traballadas na aula, e exames prácticos individuais de solfexo e frauta das partituras correspondentes. En cada exame deberá obterse un mínimo de calificación de un 3'8 para poder optar a facer media cos outros, e en ningún caso se fará media con menos desa nota. Obterase o aprobado cando a media dos exames sexa como mínimo dun cinco.

Para acadar unha puntuación de aprobado na convocatoria extraordinaria cómpre superar coa cualificación mínima dun cinco o exame extraordinario que, como mínimo, constará dunha parte escrita (teórica e/ou práctica) e outra práctica (linguaxe musical e frauta).

4º ESO AEeD

Avaliación inicial: No se requiren coñecementos previos da materia.

Recursos para a avaliación:Participar nas actividades de interpretación en grupo, asumindo o intercambio de papeis que se derivan das necesidades musicais.

Aceptar as normas básicas que rexen o traballo en grupo.

Asumir o silencio como marco necesario para a interiorización da linguaxe musical.

Ter unha actitude de escoita e respecto.

Valorar o sentido rítmico e a coordinación de movementos. Valorar tamén o esforzo realizado para logralo.

Participar nas postas en común e nos debates.

Diferenciar as principais artes escénicas.

Coñecer a evolución da danza no mundo e en España e Galicia.

Respectar as actitudes necesarias para a produción dun espectáculo escénico: o marco do silencio, a atención ó director e ós compañeiros, a escoita a un mesmo e ós demais, a

intervención no momentos preciso, ...preocupándose pola corrección, expresividade e beleza do resultado final.

Utilizar correctamente a terminoloxía propia dos diferentes contidos traballados e os termos relacionados co seu contexto histórico-social, emitindo opinións razoadas sobre os aspectos máis importantes das obras traballadas.

Valorar as características básicas que sitúan no seu contexto as diversas manifestacións estudadas.

Saber diferenciar os estilos.

Demostrar que se coñece a evolución histórica do Teatro.

Explicar os estilos e formas de teatro: textual, xestual, musical, etc.

Demostrar que se coñece a evolución histórica da Ópera e os xéneros próximos.

Demostrar que se coñece a evolución histórica do ballet e a danza.

Recoñecer os principais compositores e obras operísticas.

Definir as partes da ópera, e coñecer algúns compositores.

Participar na execución das pezas con respecto, disciplina e interese.

Coñecer as danzas aprendidas.

Coñecer a zarzuela, os seus compositores e a súa evolución histórica.

Improvisar movementos sinxelos ao ritmo dunha música.

Interpretar unha pequena peza teatral.

Demostrar a capacidade para improvisar unha secuencia de movementos.

Explicar as características e a evolución do Musical.

Plan de recuperación da materia:Os contidos de cada avaliación son diferentes e por iso fanse exames de recuperación teóricos e prácticos da cada avaliación para facilitar que os alumnos que suspenderon teñan unha nova oportunidade de aprobar a materia.

Para acadar unha puntuación de aprobado na convocatoria extraordinaria cómpre superar coa cualificación mínima dun cinco o exame extraordinario que, como mínimo, constará dunha parte escrita e outra práctica.

Avaliación ordinaria e extraordinaria.A avaliación será continua. Así servirá para estimular o hábito de estudo e de traballo constante por parte do alumno.

Para obter un punto de referencia válido desde onde observar o proceso de ensino/aprendizaxe, a avaliación será diaria, tendente a conseguir unha valoración global de cada unidade didáctica.

Obterase o aprobado cando a media sexa como mínimo dun cinco.

As notas do traballo de aula de cada alumno serán valoradas adecuadamente influíndo na nota final da avaliación, xa que a subirán ou baixarán. Cualificaremos con medios puntos positivos ou negativos os traballos individuais e colectivos realizados na aula das diferentes tarefas e contidos da programación. Se son medios puntos positivos subirán a nota da media e se son negativos baixarán. Tódolos alumnos deben participar en ditos traballos.

Así mesmo valorarase o traballo diario, que tamén poderá modificar a nota global da avaliación nas condicións descritas con anterioridade. Será imprescindible realizar o cuestionario na aula virtual sobre os contidos en cada avaliación para poder aprobar.

Será necesario ter aprobadas as tres avaliacións para aprobar o curso. Se se dá o caso de que un alumno teña aprobadas as dous primeiras avaliacións e suspende a terceira suspenderá o curso, e así mesmo no caso contrario: se un alumno ten as dúas primeiras avaliacións suspensas e aproba a terceira non terá aprobado o curso dado que a materia é independente en cada avaliación. Non se fará examen final de todo o curso de recuperación na convocatoria ordinaria de Xuño.

Programas específicos personalizados para o alumnado repetidor:

A xefa do seminario contacta con eles o comezo de curso. O máis frecuente é que aprobasen a materia o curso anterior pero explícalles que teñen que volver realizar todos os traballos e as actividades do mesmo xeito que o resto dos seus compañeiros.

LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL 1º BACH.

Avaliación inicial: A principio de curso faremos un repaso dos contidos impartidos o curso anterior ou cursos anteriores, para ver os conceptos que recordan e a mellora ou perda de capacidades na parte práctica, a cal necesita unha continuación no tempo para a súa asimilación e mellora.

Os primeiros días faranse probas rítmicas, vocais, de oído, coñecemento das notas e de práctica instrumental e cuestionarios que indiquen o nivel do alumno.

Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias: Aínda que o alumnado debería ter un mínimo de coñecemento de música, ter realizada prácticas de interpretacións e audicións, e coñecer as bases da linguaxe musical, non é posible facer unha selección dos alumnos/as que poden matricularse na materia. A diversidade está asegurada, xa que sempre temos alumnado procedente de distintos centros e ademais algúns puideron cursar música en 4º e outros non.

Informaráselles ao principio do curso do que imos facer, de onde partimos e de como se van desenvolver as clases durante o ano. O punto de partida o sinalarao a avaliación inicial, e se hai alumnado cun nivel moi baixo, se lles darán exercicios para casa e atención individualizada, aínda que na medida do posible, intentarase adaptar a clase e partir do nivel máis baixo, advertindo de que avanzaremos rapidamente porque o punto de partida non foi do nivel de Bacharelato e porque non é xusto para o alumnado que teña un nivel axeitado.

Recursos para a avaliación: Ao ser una materia eminentemente práctica, esta terá especial valor, tanto para desenvolver as súas capacidades artísticas e persoais (obxectivo a alcanzar na materia), como para comprender os contidos teóricos.

Observarase a capacidade de escoita e resposta, a iniciativa persoal á hora de levar a cabo os exercicios e a cooperación e participación na aula de maneira produtiva e ordenada. Ao ser unha materia práctica, esencialmente, isto valorarase de forma importantísima

Os conceptos asimiláranse diariamente na clase e valorarase que o alumno os asimile e sexa capaz de usalos no momento axeitado, que non queden na súa mente como unha mera definición “chapada”.

Na parte teórica realizarase unha proba obxectiva escrita por cada bloque temático, cuxo contido se referirá á materia dada (1ª e 2ª avaliación). Pode haber algún traballo que contará no apartado de teoría, contando o 20% da nota, a non ser que esa avaliación non haxa proba escrita, co cal contará o 100% do apartado teórico.

Na 3ª avaliación faranse traballos do explicado na clase, que contarán no apartado de teoría coma un exame

O profesor avaliará de forma continua a evolución do alumno atendendo preferentemente aos seguintes aspectos;

- Participación nas tarefas diarias.
- Realización dos exercicios programados no traballo diario.
- Actitude e esforzo por mellorar o rendemento na materia.
- Capacidade para traballar en equipo.

Plan de recuperación da materia:Os contidos prácticos da segunda avaliación englobarán tamén os da primeira. Os contidos prácticos da terceira avaliación englobarán tamén os da primeira e os da segunda. Pódese, pois, recuperar unha delas na seguinte ou nas seguintes. Faranse probas de recuperación en cada trimestre. Un alumno que non acade avaliación positiva na terceira avaliación, non será avaliado positivamente na avaliación final de xuño. A parte teórica se poderá recuperar cunha proba na 3ª avaliación.

Avaliación ordinaria e extraordinaria:Na parte teórica realizarase unha proba obxectiva escrita por cada bloque temático, cuxo contido se referirá á materia dada (1ª e 2ª avaliación). Pode haber algún traballo que contará no apartado de teoría, contando o 20% da nota, a non ser que esa avaliación non haxa proba escrita, co cal contará o 100% do apartado teórico.

Na 3ª avaliación faranse traballos do explicado na clase, que contarán no apartado de teoría coma un exame

O profesor avaliará de forma continua a evolución do alumno atendendo preferentemente aos seguintes aspectos;

- Participación nas tarefas diarias.
- Realización dos exercicios programados no traballo diario.
- Actitude e esforzo por mellorar o rendemento na materia.
- Capacidade para traballar en equipo.

O alumnado que resulte avaliado negativamente na convocatoria ordinaria de Xuño deberán presentarse a unha proba obxectiva escrita na convocatoria extraordinaria de finais de Xuño. A profesora poderá ademais fixar unhas tarefas (prácticas) que serán entregadas o día do exame, baseadas no repertorio e exercicios practicados ao longo do curso. Se non, a parte practica será a do repertorio utilizado ao longo do curso.

É requisito indispensable para o aprobado que tanto a parte práctica como teórica estean aprobados.

Programas específicos personalizados para o alumnado repetidor:A profesora contacta con eles o comezo de curso e lles entrega o plan de traballo que supervisa en clase, e queda con os que queren nun recreo por semana para traballar.

5.3.- SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN

1º ESO

A nota de cada Avaliación será un resumo dos resultados obtidos en cada un dos apartados a avaliar:

- Actividades orais e escritas (teranse en conta: presentación, expresión, recordar certos feitos ou datos traballados en clase e considerados esenciais e a capacidade de razoamento ante un problema, participación en todas as actividades propostas, realizar comentarios, relacionar feitos...).
- Participación nas actividades propostas (inclúese a actitude ante a materia, a atención en clase, a colaboración, o comportamento e respecto necesario cara a profesora e aos compañeiros, o respecto dos materiais didácticos e dos compañeiros/as...).

- Carpeta de materiais de clase (mediranse: boa presentación, limpeza, que estea ao día e o máis completo posible).

Procuraremos que a nota de cada Avaliación resulte dunha visión xeral dos tres aspectos e non dunha media aritmética. Salvo casos concretos que se analizarán, nunca aprobar unha proba supón por si mesmo aprobar a avaliación. Terase moi en conta o interese demostrado e o esforzo realizado, independentemente de que os resultados non se correspondan cos devanditos aspectos. O control da carpeta de clase axudaranos a cuantificar o esforzo e o interese. Desta forma, unha Carpeta completa, ao día, ordenada, etc. pode supoñer ata un 30% da Cualificación Final. Da mesma forma, unha actitude netamente positiva ou negativa influirá máis nun sentido ou noutro na Cualificación da Avaliación.

Na Cualificación da Avaliación utilizaranse os termos comúns (Suficiente, Ben, Notable...) xunto coa numérica. Dado que a avaliación é continua, valorarase o traballo de cada un segundo a súa capacidade e as súas posibilidades, pero sempre avanzando. Avaliarase o avanzado dende o principio de curso ata o final deste, o tramo recorrido, independentemente de onde se parta. Estes criterios de cualificación, xunto aos criterios de avaliación e os mínimos, leranse o alumnado a principio de curso nun documento que leva por título ¿Cómo me avaliarán? cunha linguaxe adaptada ao seu nivel de comprensión. Así mesmo, están expostos no taboleiro da aula.

A estes sistemas de cualificación engadimos algunhas matizacións para a Sección Bilingüe:

Uso gradual da lingua inglesa para describir unha obra musical. Participar na dinámica da clase utilizando expresións en inglés traballadas previamente. Comprensión de mensaxes orais e escritas en inglés sobre música. Buscar, seleccionar e expoñer de forma oral ante os compañeiros información sobre algún aspecto relacionado coa música en inglés.

Para acadar unha puntuación de aprobado en Xuño cómpre ter ás tres avaliacións aprobadas.

Para acadar unha puntuación de aprobado en Setembro cómpre superar ou exame extraordinario que, como mínimo, constará dunha parte escrita (teórica e/ou práctica) e outra práctica (linguaxe musical e fruta).

2º ESO

Terase en conta o comportamento e actitude. Observación do proceso de aprendizaxe, centrándonos principalmente na observación do desenvolvemento das habilidades e destrezas relacionadas coa expresión musical. A actitude de atender na clase e o interese por aprender serán moi importantes para a avaliación do alumnado.

Probas escritas: Constarán de cuestións teóricas e/ou prácticas. Como mínimo farase unha por avaliación.

Se a avaliación é presencial, farase mediante a observación do traballo feito na clase na parte práctica e a realización dunha proba teórica.

En caso de que estivéramos confinados se fará a avaliación mediante a entrega de traballos que se lles vaia pedindo aos alumnos

No caso de que non se fagan as probas esixidas ou non se entreguen os traballos requeridos, a materia non estará aprobada.

De calqueira das maneiras, deben terse aprobados tanto o bloque teórico como práctico. A parte práctica é continua, co cal se se van aprobando as diferentes avaliacións quedaría aprobada e a parte teórica requirirá dunha recuperación do bloque que estea suspenso.

Plan de recuperación da materia: Os contidos prácticos da segunda avaliación englobarán tamén os da primeira. Os contidos prácticos da terceira avaliación englobarán tamén os da primeira e os da segunda. Pódese, pois, recuperar unha delas na seguinte ou nas seguintes. Un alumno que non acade avaliación positiva na terceira avaliación, non será avaliado positivamente na avaliación final de xuño. A parte teórica se poderá recuperar cunha proba na 3ª avaliación.

3º ESO

En cada avaliación faranse dous exámes teóricos sobre a teoría e as audicións explicadas, escoitadas e traballadas na aula, e un exame práctico individual de solfexo e frauta das partituras correspondentes. En cada exame deberá obterse un mínimo de calificación de un 3'8 para poder optar a facer media cos outros, e en ningún caso se fará media con menos desa nota.

Obterase o aprobado cando a media dos exames sexa como mínimo dun cinco.

As notas do traballo de aula de cada alumno serán valoradas adecuadamente e poderán influír na nota final da avaliación, xa que a subirán ou baixarán. Calificaranse con medios puntos positivos ou negativos os traballos individuais e colectivos realizados na aula das diferentes tarefas e contidos da programación. Se son medios puntos positivos subirán a nota da media dos exames e se son negativos bajarana. Só se terán en conta se a media dos exames é superior a un 3'8 e non hai ningún exame cualificado por baixo desa nota. Tódolos alumnos deben participar en ditos traballos.

Así mesmo valorarase o traballo diario na libreta da materias, que tamén poderá modificar a nota global da avaliación nas condicións descritas con anterioridade. Será imprescindible presentar a libreta co traballo feito en cada avaliación para poder aprobar. A nota final da avaliación nunca subirá máis de dous puntos á nota máis baixa obtida nun dos exames.

Cada avaliación ten obxectivos e contidos diferentes polo que será necesario ter aprobadas as tres avaliacións para aprobar o curso. Se se dá o caso de que un alumno teña aprobadas as dous primeiras avaliacións e suspende a terceira suspenderá o curso, e así mesmo no caso contrario: se un alumno ten as dúas primeiras avaliacións suspensas e aproba a terceira non terá aprobado o curso dado que a materia é independente en cada avaliación.

Para acadar unha puntuación de aprobado en Setembro cómpre superar coa cualificación mínima dun cinco o exame extraordinario que, como mínimo, constará dunha parte escrita (teórica e/ou práctica) e outra práctica (linguaxe musical e frauta).

4º ESO

1. Rúbrica para a escoita activa en audicións

2. Escala de avaliación para a interpretación
3. Rexistro de coavaliación nas actividades de danza en grupo
4. Escala de valoración sobre o coñecemento de autores e compositores
5. Rúbrica de avaliación sobre a capacidade creativa
6. Rexistro sobre o desenvolvemento da creatividade e a capacidade de improvisación
7. Diario de reflexión trimestral sobre a apreciación e gusto pola música Ao longo do curso faranse probas escritas coas súas cualificacións (valoración cuantitativa do avance individual), valoración cuantitativa e cualitativa do avance colectivo, o análise e valoración das tarefas especialmente creadas para a avaliación, os traballos de investigación na web, a indagación en prensa e outros medios de comunicación, a gravación e o caderno do alumno, así como fichas e a participación nos debates propostos en clase.

Para obter un punto de referencia válido desde onde observar o proceso de ensino/aprendizaxe, a avaliación será diaria, tendente a conseguir unha valoración global de cada unidade didáctica.

Obterase o aprobado cando a media sexa como mínimo dun cinco.

As notas do traballo de aula de cada alumno serán valoradas adecuadamente influíndo na nota final da avaliación, xa que a subirán ou baixarán. Calificaranse con medios puntos positivos ou negativos os traballos individuais e colectivos realizados na aula das diferentes tarefas e contidos da programación. Se son medios puntos positivos subirán a nota da media e se son negativos baixarán. Tódolos alumnos deben participar en ditos traballos.

Así mesmo valorarase o traballo diario na libreta da materia, que tamén poderá modificar a nota global da avaliación nas condicións descritas con anterioridade. Será imprescindible presentar a libreta co traballo feito en cada avaliación para poder aprobar.

Será necesario ter aprobadas as tres avaliacións para aprobar o curso. Se se dá o caso de que un alumno teña aprobadas as dous primeiras avaliacións e suspende a terceira suspenderá o curso, e así mesmo no caso contrario: se un alumno ten as dúas primeiras avaliacións suspensas e aproba a terceira non terá aprobado o curso dado que a materia é independente en cada avaliación.

Para acadar unha puntuación de aprobado en Setembro cómpre superar coa cualificación mínima dun cinco o exame extraordinario que, como mínimo, constará dunha parte escrita e outra práctica.

LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL 1º BACH.

A cualificación será de 0 a 10. A nota resultará da media entre teoría, práctica na clase, contando un 50% cada parte.

É imprescindible ter aprobada a práctica e a teoría para aprobar a materia. Os traballos contarán no apartado teórico, sendo imprescindible que sexan presentados para aprobar.

En casos excepcionais, no que o alumno traballe, se esforce e poña interese, poderase aprobar cunha parte que estea cualificada con 4 se lle dera a media coa outra

Os traballos impostos polo profesor terán que ser entregados para aprobar.

Na convocatoria extraordinaria a práctica e a teoría contarán igual. É requisito imprescindible ter aprobadas as dúas. En caso de ter que realizar algún exercicio indicado en xuño, este deberá entregarse o día do exáme para optar ao aprobado.

5.4.- MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

1º ESO

Asistencia ás clases e participación nas actividades de avaliación.

Traer sempre o material adecuado (libro, caderno, fruta, útiles de escritura). Non se pode aprobar con tres faltas de material sen xustificar por trimestre.

Ter actitude positiva nas clases, respectando ó/a profesor/a e ós compañeiros e compañeiras.

Realización diaria dos exercicios teóricos e prácticos propostos. Non se pode aprobar con tres faltas de exercicios y/o actividades sen xustificar por trimestre.

Participación en todas as actividades feitas dentro da aula. Non se pode aprobar con tres faltas de participación ou sanción por mal comportamento na realización das actividades por trimestre.

2º ESO

Asistencia ás clases e ás probas de avaliación.

Traer o material adecuado (libro, caderno, fruta, útiles de escritura)

Actitude positiva nas clases, respectando á profesora e ós compañeiros e compañeiras.

Realización diaria dos exercicios teóricos e prácticos propostos.

Terase en conta o traballo diario. Observación do proceso de aprendizaxe, centrándonos principalmente na observación do desenvolvemento das habilidades e destrezas relacionadas coa expresión musical. A actitude de atender na clase e o interese por aprender serán moi importantes para a avaliación do alumnado.

Probas escritas: Constarán de cuestións teóricas e/ou prácticas. Como mínimo farase unha por avaliación.

Se a avaliación é presencial, farase mediante a observación do traballo feito naclase na parte práctica e a realización dunha proba teórica.

En caso de que estivéramos confinados se fará a avaliación mediante a entrega de traballos que se lles vaia pedindo aos alumnos

No caso de que non se fagan as probas esixidas ou non se entreguen os traballos requeridos, a materia non estará aprobada.

De calqueira das maneiras, deben terse aprobados tanto o bloque teórico como práctico.

A parte práctica é continua, co cal se se van aprobando as diferentes avaliacións quedaría aprobada e a parte teórica requerirá dunha recuperación do bloque que estea suspenso.

3º ESO

Asistencia ás clases e traer o material adecuado (libro, caderno, frauta, útiles de escritura). Traballo e participación nas clases, respectando ó/á profesor/a e ós compañeiros e compañeiras. Realización diaria dos exercicios teóricos e prácticos propostos. Ditas actividades e traballos se calificarán con medios puntos positivos e negativos que subirán o baixarán a nota final da avaliación sobre os resultado da nota media dos exames.

En cada avaliación faranse cuestionarios teóricos na aula virtual, e obterase nota media deles por avaliación. Exame na clase sobre e as audicións explicadas, escoitadas e traballadas na aula. Exáme práctico individual de solfexo e frauta das partituras correspondentes. En cada exame deberá obterse un mínimo de calificación de un 3'8 para poder optar a facer media cos outros, e en ningún caso se fará media con menos desa nota. Obterase o aprobado cando a media dos exames sexa como mínimo dun cinco.

4º ESO AEeD

Asistencia ás clases.

Traer o material requerido para as diferentes actividades.

Actitude positiva nas clases, respectando ó/á profesor/a e ós compañeiros e compañeiras.

Realización diaria dos exercicios teóricos e prácticos propostos.

Obterase o aprobado cun mínimo dun cinco.

Non se fará exame final de todo o curso de recuperación en Xuño.

1ª Avaliación:

- O teatro: historia, evolución e representantes
- A música no cine, a radio e a televisión. Performances.
- Participación con interese e creatividade nas distintas actividades individuais e colectivas.
- Aceptación e cumprimento da normas que esixe a interpretación en grupo.
- Valoración da vida musical do contorno.
- Deseño dun pequeno espectáculo ou danza.

2ª Avaliación:

- Características e evolución histórica da ópera.
- A zarzuela: características e evolución histórica.
- Técnicas de interpretación e improvisación
- Participación con interese e creatividade nas distintas actividades individuais e colectivas.
- Aceptación e cumprimento da normas que esixe a interpretación en grupo.

3ª Avaliación:

- A relación de música e danza nas distintas épocas históricas.
- A música popular en España e en Galicia. Principais danzas.
- As músicas do mundo: a música latinoamericana. As danzas.
- Participación con interese na práctica e o deseño coreográfico
- Actitude positiva ante os distintos fenómenos culturais.
- Participación con interese e creatividade nas distintas actividades individuais e colectivas.
- Aceptación e cumprimento da normas que esixe a interpretación en grupo.
- O ballet : historia e representantes

LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL 1º BACH.

Asistencia ás clases e ás probas de avaliación.

Traer o material adecuado (libro, caderno, frauta, útiles de escritura)

Traballodiarario nas clases, respectando á profesora e ós compañeiros e compañeiras.

Realización diaria dos exercicios teóricos e prácticos propostos.

Observación do proceso de aprendizaxe, centrándonos principalmente na observación do desenvolvemento das habilidades e destrezas relacionadas coa expresión musical. A actitude de atender na clase e o interese por aprender serán moi importantes para a avaliación do alumnado.

Probas escritas: Constarán de cuestións teóricas e/ou prácticas. Como mínimo farase unha por avaliación.

Se a avaliación é presencial, farase mediante a observación do traballo feito na clase na parte práctica e a realización dunha proba teórica.

En caso de que estivéramos confinados se fará a avaliación mediante a entrega de traballos que se lles vaia pedindo aos alumnos

No caso de que non se fagan as probas esixidas ou non se entreguen os traballos requiridos, a materia non estará aprobada.

De calquera das maneiras, deben terse aprobados tanto o bloque teórico como práctico.

A parte práctica é continua, co cal se se van aprobando as diferentes avaliacións quedaría aprobada e a parte teórica requirirá dunha recuperación do bloque que estea suspenso.

5.5.- PROGRAMA DE REFORZO PARA RECUPERACIÓN DE PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Expresión oral: expresión e ritmo en prosa e en 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Integrarse en dinámicas de grupo 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AEDB2.4. 1. Participa en las actividades de grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE

Artes Escénicas e Danza. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ verso. ▪ B2.3. Deseño dun espectáculo: equipos, fases e áreas de traballo. ▪ B2.4. Oficios da práctica escénica: dirección escénica, dramaturxia, escenografía, interpretación, iluminación, indumentaria, caracterización, espazo sonoro e atrezzo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ creativas que fomenten un comportamento social, solidario, tolerante, responsable e asertivo que lle axude a superar inhibicións, medos e obstáculos comunicativos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AEDB2.4. 2. Interpreta e memoriza un repertorio variado de teatro en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCC ▪ T
Bloque 3. Danza				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Descrición e análise das formas e os estilos de danza. ▪ B3.2. Paradigmas e escolas de danza. ▪ B3.3. Técnicas de danza 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Explicar os estilos (clásica, moderna, española e baile flamenco) e as formas de danza (étnicas e populares), en función da historia e das especialidades educativas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AEDB3.1. 1. Recoñece, clasifica e sitúa no tempo, na cultura e no estilo as danzas e os espectáculos vistos previamente na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Aliñamento e coordinación corporal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Interpretar en grupo danzas a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AEDB3.2. 1. Interpreta e memoriza un repertorio 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCC ▪ T

	Artes Escénicas e Danza. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Relación coa gravidade e enerxía do movemento. ▪ B3.6. O corpo no espazo: traxectoria, desprazamento e foco. ▪ B3.7. Musicalidade e precisión rítmica. ▪ B3.8. Calidades e dinámicas do movemento. ▪ B3.9. Estructuras coreográficas 	través da aprendizaxe de coreografías, memorizadas e ensaiadas ao longo do curso.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AEDB3.2. 2. Integra pautas de conciencia corporal e de control de movemento traballadas na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ m ▪ n ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Aliñamento e coordinación corporal. ▪ B3.5. Relación coa gravidade e enerxía do movemento. ▪ B3.6. O corpo no espazo: traxectoria, desprazamento e foco. ▪ B3.7. Musicalidade e precisión rítmica. ▪ B3.8. Calidades e dinámicas do movemento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Demostrar a capacidade para improvisar unha secuencia de movementos, libres ou cun fin determinado, e valorar a importancia da improvisación en danza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AEDB3.3. 1. Utiliza con rigor os elementos e as calidades do movemento na improvisación da súa danza. ▪ AEDB3.3. 2. Elabora e presenta con rigor e precisión pequenas estruturas coreográficas, en grupos pequenos, medianos e grandes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CAA ▪ CCL ▪ CSIEE

Artes Escénicas e Danza. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.10. Exploración de formas de movemento propias a través da improvisación libre. ▪ B3.11. Técnicas de improvisación. Improvisación pautada. ▪ B3.12. Composición coreográfica. 			
Bloque 4. Outras artes escénicas				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ l ▪ n ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Espectáculos escénicos: circo, espectáculos musicais e performance. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Explicar as características doutras artes escénicas, a súa evolución ao longo da historia e o seu papel na sociedade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AEDB4.1. 1. Recoñece e describe as artes escénicas e as súas manifestacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Creación e difusión de produtos escénicos en Galicia. ▪ B4.3. Importancia da música cinematográfica, publicitaria e de ambientación. A danza no cine. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ AEDB4.1. 2. Recoñece e diferencia as artes escénicas no seu conxunto, en función das súas características específicas e singulares. 	

LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL 1º BACH.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	basicos	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
Bloque 1. Destrezas musicais					
Utilización da voz, individual ou colectivamente, partindo do coñecemento do aparello fonador, o seu funcionamento, a respiración, a emisión, a articulación, a relaxación e a afinación. Interpretación vocal atendendo ás indicacións relativas á expresión, á dinámica, á agónica, á articulación dos sons e os seus ataques, e á ornamentación musical.	Entoar cunha correcta emisión da voz, individual ou conxuntamente, unha melodía ou unha canción con acompañamento.	1 funcións do aparello fonador.	NB	50%	CMCCT
		2. Realiza exercicios de respiración, relaxación, articulación, fraseo, etc., e valóraos como elementos imprescindibles para a adquisición da técnica vocal.	B	50%	CAA CSC
		3. Aplica a técnica vocal para cantar entoada e afinadamente, aplicando as indicacións expresivas e dinámicas presentes na partitura.	B	50%	CSC CCEC
Entoación individual e colectiva de escalas, intervalos melódicos, harmónicos, arpejos ou acordes.	Identificar e reproducir intervalos, modelos melódicos sinxelos, escalas ou acordes arpexiados a partir de diferentes alturas.	4. Reproduce e identifica intervalos, escalas ou acordes a partir de diferentes alturas, utilizando unha correcta emisión da voz.	NB	50%	CAA CSC CMCCT
Interiorización do pulso. Interpretación instrumental atendendo ás indicacións relativas á expresión, á dinámica, á agónica, á ornamentación musical, e á articulación dos sons e dos seus ataques. Práctica da lectura articulada e da escritura tanto melódica como harmónica nas claves de sol e fa en cuarta, e da escritura tanto melódica como harmónica. Práctica de lectura de notas, sen clave, aténdose ao debuxo interválico. B1.8. Práctica da lectura de obras musicais utilizando partituras.	Identificar e executar instrumentalmente ou vocalmente estruturas e patróns rítmicos ou melódicos simultáneos dunha obra breve ou dun fragmento, con ou sen cambio de compás, nun tempo establecido.	5. Interpreta instrumentalmente ou vocalmente, con total precisión dentro dun tempo establecido, estruturas rítmicas adecuadas a este nivel dunha obra ou un fragmento, sentindo internamente o pulso e aplicando, se procede, as equivalencias nos cambios de compás.	B	50%	CMCCT CCEC
		6. Executa con independencia estruturas rítmicas simultáneas, utilizando e desenvolvendo a disociación auditiva e motriz.	B	50%	CMCCT CSC
		7. Practica a lectura e a escritura musical, recoñecendo a súa importancia para afondar na aprendizaxe da linguaxe musical.	B	50%	CAA CMCCT CCEC
Bloque 2. A audición comprensiva					
Percepción e identificación do pulso, dos acentos e dos compases binarios, ternarios e cuaternarios. Percepción, identificación e transcripción de fórmulas rítmicas básicas orixinadas polo pulso binario ou ternario. Percepción, identificación e transcripción de signos que modifican a duración, síncope, anacruses, notas a contratempo, cambios de compás, grupos de valoración especial, equivalencias pulso-pulso e fracción-fracción, etc.	Recoñecer auditivamente o pulso dunha obra ou dun fragmento, así como o acento periódico, e interiorizalo para manter durante breves períodos de silencio.	8. Percibe o pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como a identificación do acento periódico base do compás, e logra unha correcta interiorización do pulso que lle permite posteriormente unha axeitada execución individual ou colectiva.	B	50%	CMCCT CSC
Identificación auditiva das características morfolóxicas básicas das obras musicais, tanto as que teñen como fundamento a linguaxe da música culta como as que teñen como fundamento as linguaxes musicais contemporáneas, o jazz, a música tradicional, o rock, o flamenco e as músicas do mundo.	Recoñecer auditivamente e describir con posterioridade as características das obras escoitadas ou interpretadas	9. Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos etc., das obras escoitadas ou interpretadas.	B	50%	CMCCT CCEC
		10. Utiliza a lectura e a escritura musical como apoio á audición.	NB	50%	CCEC
		11. Escoita obras musicais seguindo a partitura.	NB	50%	CCEC
Percepción, identificación auditiva e transcripción das escalas, funcións tonais-					

Linguaxe e Práctica Musical. 1º de bacharelato

Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	basicos	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
<p>acordes maiores e menores, acordes de sétima dominante e de sétima diminuída, cadencias e os modos e intervalos fóra do concepto tonal.</p> <p>Recoñecemento comprensivo das texturas musicais e dos timbres instrumentais nas obras escoitadas ou interpretadas.</p> <p>Recoñecemento auditivo e transcripción dos esquemas rítmicos, das melodías, dos intervalos e dos fragmentos melódicos resultantes da combinación dos devanditos elementos.</p> <p>Reprodución vocal memorizada dos esquemas rítmicos, das melodías, dos intervalos e dos fragmentos melódicos resultantes da combinación dos devanditos elementos.</p> <p>Identificación de erros ou as diferenzas entre un fragmento escrito e un fragmento escoitado.</p> <p>B2.10. Transcrición de esquemas harmónicos das obras escoitadas.</p>		12.Escoita e recoñece os elementos básicos das linguaxes propias da música culta, jazz, rock e flamenco, así como os máis importantes da linguaxe musical contemporánea.	NB	50%	CCEC
		13.Describe as características das obras escoitadas, utilizando a terminoloxía axeitada.	B	50%	CCEC CCL
Bloque 3. A teoría musical					
<p>Coñecemento das grafías das fórmulas rítmicas, simultaneidade de ritmos, signos que modifican a duración, síncope, anacruse, notas a contratempo, os grupos de valoración especial contidos en un e varios pulsos, etc.</p> <p>Coñecemento das grafías e dos termos relativos á expresión musical, á dinámica, ao tempo, á agónica, á articulación musical e ao ataque dos sons.</p> <p>Aproximación ás grafías contemporáneas.</p>	Coñecer e aplicar na lectura e na interpretación de partituras os termos e os signos relacionados co ritmo e coa expresión musical.	14.Identifica e interpreta os termos e signos relacionados co ritmo e coa expresión musical.	B	50%	CMCCT CCEC
		15.Identifica e interpreta os signos gráficos propios da linguaxe musical contemporánea.	NB	50%	CCEC CCL CMCCT
<p>Coñecemento das normas de escritura melódica.</p> <p>Coñecemento e comprensión dos ritmos característicos das danzas e das obras musicais.</p> <p>Coñecemento e comprensión de escalas, funcións tonais, intervalos, cadencias, acordes básicos e complementarios, tonalidade, modalidade e modulación.</p> <p>Coñecemento dos principais sistemas de cifrax harmónica.</p> <p>Coñecemento da ornamentación musical.</p> <p>Comprensión do efecto que producen na música os sons da ornamentación e intensificación expresiva.</p> <p>Ámbito sonoro das claves e a súa relación entre si.</p>	Recoñecer nunha partitura os elementos básicos da linguaxe musical.	16.Identifica os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando diferentes soportes.	NB	50%	CAA CCEC
		17.Recoñece elementos básicos harmónicos e formais.	B	50%	CCEC CMCCT
		18.Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical.	B	50%	CCEC CCL
Bloque 4. A creación e a interpretación					
Realización vocal ou instrumental de	Realizar exercicios psicomotores e	19.Practica variantes de fórmulas rítmicas	NB	50%	CMCCT

Linguaxe e Práctica Musical. 1º de bacharelato

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	basicos	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
fórmulas rítmicas orixinadas polo pulso binario ou ternario e as súas variantes.	improvisar estruturas rítmicas sobre un fragmento escoitado de maneira tanto individual como conxunta.	coñecidas e improvisaas libremente, acordándoas co pulso e o compás do fragmento escoitado.			
Improvisación, tanto individual como colectiva, de breves melodías. Utilización das escalas e acordes máis habituais no sistema modal e tonal.	Improvisar, individualmente ou colectivamente, breves melodías tonais ou modais, pequenas formas musicais partindo de premisas relativas a diferentes aspectos da linguaxe musical.	20. Asimila os conceptos tonais e modais básicos, desenvolvendo a creatividade e a capacidade de seleccionar e usar libremente os elementos da linguaxe musical de acordo cunha idea e estruturados nunha forma musical.	B	50%	CCEC CSIEE
Interpretación memorizada de obras ou fragmentos musicais vocais adecuados ao nivel, con ou sen acompañamento.	Interpretar de memoria, individualmente ou conxuntamente, fragmentos de obras do repertorio seleccionados entre os propostos polo alumnado, valorando as achegas do grupo e desenvolvendo o espírito crítico.	21. Coñece o repertorio traballado e ten capacidade de memorización, sensibilidade musical e capacidade expresiva.	B	50%	CCEC
		22. Mantén unha actitude positiva ante a música e os compañeiros.	B	50%	CSC CCEC
		23. Utiliza os instrumentos da aula cunha técnica correcta.	B	50%	CAA CSC
		24. Aplica a técnica vocal para cantar entoadamente e afinadamente nas actividades de interpretación.	B	50%	CAA CSC
		25. Mantén unha actitude positiva para integrarse como un membro máis no grupo.	B	50%	CSC CSIEE
Achegamento aos procesos compositivos máis habituais. Utilización da expresión corporal e o movemento corporal como complemento ao feito musical. Desenvolvemento da lateralidade a través da realización simultánea de diferentes ritmos básicos	Improvisar ou compor e interpretar unha breve obra musical para unha melodía dada, que necesite a participación de varios executantes e incorporar movemento coreográfico, utilizando os coñecementos musicais adquiridos.	26. Crea unha pequena obra musical utilizando os coñecementos musicais adquiridos.	NB	50%	CCEC CAA CMCCT CSIEE
		27. Constrúe a través do movemento unha creación coreográfica adecuando a súa concepción ao carácter expresivo da obra.	NB	50%	CSC CAA
Participación activa na organización e na realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos. Participación na organización e na realización de actividades con respecto e disposición para superar estereotipos e prexuízos, tomando conciencia, como parte dun grupo, do enriquecemento que se produce coas achegas das demais persoas.	Saber comportarse como espectador/a e intérprete, e controlar o medo escénico nas actuacións.	28. Compórtase de maneira correcta como espectador/a e como intérprete na realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos.	B	50%	CSC
		29. Practica as técnicas necesarias para controlar o medo escénico.	B	50%	CSC
Bloque 5. As tecnoloxías aplicadas ao son					
Fenómeno físico-harmónico; movemento ondulatorio; serie de Fourier. Características acústicas dos instrumentos: instrumentos transpositores e electrónicos; manipulación artificial do son. Fundamentos dos sistemas de afinación. Proporções asociadas aos intervalos: consonancia e disonancia. Serie harmónica. Índices acústicos. Diapasón. Transmisión e amortecemento do son. Sinal analóxico e sinal dixital. Dixitalización	B5.1. Realizar traballos e exercicios aplicando as ferramentas que ofrecen as novas tecnoloxías.	30. Utiliza correctamente editores de partituras, secuenciadores, MIDI e software para aplicacións audiovisuais.	NB	50%	CD CMCCT

Linguaxe e Práctica Musical. 1º de bacharelato					
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	basicos	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
do son analóxico. Síntese do son: mostraxe (samplers), filtros de frecuencias e multipistas. Hardware musical: computadores, tarxetas de son e conexións. B5.8. Tipos de software musical: editores de partituras, secuenciadores, programas xeradores de acompañamentos e mesas de mesturas.					
Práctica dos sistemas de gravación analóxica ou dixital, de procesamento de sons de comunicación MIDI en interpretacións ou creacións propias. Uso da música con soporte electrónico en producións escénicas ou audiovisuais. Realización de sonorizacións a través da improvisación, a composición ou a selección musical de textos ou de imaxes.	Crear pezas sonoras ou audiovisuais utilizando distintos sistemas de reprodución e gravación de son.	31.Utiliza de forma autónoma os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a audición, a interpretación, a creación, a edición, a gravación, a investigación e a aprendizaxe do feito musical.	B	50%	CAA CD CMCCT

5.7.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.	1	2	3	4
Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
Ofrécense a cada estudante as explicacións individualizadas que precisa				
O nivel de dificultade está adaptado ás características do alumnado				
Créase un clima que favorece o aprendizaxe				
Créase un clima que da lugar a procesos de traballo partindo das emocións e da mellora do coñecemento que cada estudante ten de si mesmo				
O grao de motivación e enerxía na clase foi o axeitado				
Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado				
Contouse co apoio e implicación das familias no traballo co alumnado				
Mantívoase un contacto periódico coas distintas familias				
Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE				

Atendeuse á diversidade do alumnado				
Usáronse distintos instrumentos de avaliación				
Deuse un peso real á observación do traballo na aula				
Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo				
Elaboráronse as actividades atendendo á diversidade				
Elaboráronse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE				
Poténcianse estratexias de expresión oral e escrita				
Poténcianse estratexias de comprensión oral e escrita				
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe				
Préstase atención aos elementos transversais				
O alumnado está ben informado das rúbricas de avaliación e coñece rapidamente os resultados das súas probas				
Reflexiónase co alumnado, de xeito individual e colectivo, como evoluciona todo o seu proceso de aprendizaxe				
O docente implícase activamente na acción tutorial do alumnado participante da materia				
A materia participa activamente en diversas actividades extraescolares e complementarias, favorecendo o aprendizaxe da xestión e produción cultural				
As medidas de apoio, reforzo, etc. Están vinculadas aos estándares de aprendizaxe				
Reflexiónase activamente sobre os proxectos realizados e establécense melloras para o futuro				

6.- METODOLOXÍA , MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS DIDÁCTICOS

1º ESO

Ás sesións serán dunha clase semanal e levaranse a cabo dentro e fora do centro segundo sexa necesario, na aula de música como aula base pero tamén na aula de informática, audiovisuais, biblioteca, salón de actos, etc. O traballo cooperativo é fundamental na área de música, polo que se organizará a aula de forma que favoreza o traballo colectivo do alumnado.

Levaremos a cabo unha metodoloxía activa e cooperativa que permitirá ao alumno/a desenvolver unha relación positiva coa música. Fomentárase a formación dunha actitude aberta e construtiva ante o feito musical e artístico e todas as súas manifestacións na nosa e

outras culturas, aínda que non coincidan cos seus propios gustos ou lles resulten estrañas ou descoñecidas.

Atenderase a diversidade ou mesmo tempo que se dará unha resposta individualizada a cada un dous alumnos/ás.

Traballaremos cada contido dende todas as vertentes posibles, é dicir, non só a explicación dun termo técnico, senón tamén cantar, escoitar, interpretar..., é dicir, todo aquilo que afiance a completa asimilación dun concepto, ao mesmo tempo que se propicia o desenvolvemento doutras destrezas e se fomenta a autoestima a través da improvisación, a expresión corporal, o canto ou a interpretación.

Na nosa materia, as tecnoloxías da información e comunicación convertéronse nun elemento imprescindible que ofrecen ao profesorado múltiples recursos dende o punto de vista pedagóxico, polo que o seu uso será habitual dentro da aula, como instrumento para a comunicación oral e escrita, como fonte de consulta para a adquisición de novos coñecementos e para a investigación, e por suposto, como instrumento dinamizador da práctica docente.

Na clase utilizarase un repertorio o máis variado posible, mostrando así a pluralidade de estilos musicais existentes.

Colaboraremos con diferentes departamentos.

Metodoloxía específica da sección bilingüe:

Evidentemente, o ensino bilingüe desenvólvese de forma diferente ao ensino en lingua materna, polo que implica unha serie de cambios e adaptacións pedagóxicas: Uso progresivo, de forma oral e escrita, de expresións, instrucións, descricións e explicacións en inglés, tanto para a comunicación habitual dentro da aula como a específica da área. Trátase de comezar pouco a pouco a introducir a segunda lingua na clase ata chegar, gradualmente, a explicacións íntegras en inglés.

Uso flexible castelán-galego-inglés na interacción alumno-profesora. Expoñer o máximo tempo posible aos alumnos ao idioma.

Uso de medios audiovisuais e apoio das novas tecnoloxías para a asimilación de vocabulario e estruturas gramaticais en inglés.

Adaptación de materiais específicos: textos curtos e directos, con vocabulario simple (e traballado previamente) e estruturas gramaticais sinxelas.

Adaptación de materiais que supoñan un reforzo visual constante nas paredes da aula: pósteres, carteis móbiles, debuxos, esquemas...

Adaptación de contidos procesual, con actividades de repetición na acción e vivenciais (dinámica de grupos, xogos, simulacións...) co fin tanto de facilitar a asimilación de novo vocabulario coma de evitar o retraemento de parte do alumnado a utilizar unha lingua estranxeira por sentimento de vergoña ou medo a fallar.

Privilexiar a comunicación verbal e promover exposicións orais frecuentes por parte do alumnado sobre temas relacionados coa materia. Coordinación constante e traballo en equipo co departamento de inglés.

2º ESO

Este curso non temos libro de texto. Imos traballar co material desenrolado pola profesora da materia no que traballaremos todos os obxectivos e contidos propostos. As clases desenvolveranse a partir das explicacións da profesora e diferente material aportado por ela como artigos de prensa, comentarios de texto, información en internet, vídeos de youtube, audicións de discos, visualización de películas, partituras vocais e instrumentais, etc.

Todas as actividades realizadas na aula serán avaliadas.

3º ESO

Este curso non temos libro de texto xa que coa precipitación da LOMCE as editoriais non puideron presentar ben os libros de texto e dos que vimos ningún terminou de convencernos así que vamos a traballar co material desenrolado pola profesora da materia no que traballaremos todos os obxectivos e contidos propostos. As clases desenvolveranse a partir das explicacións da profesora e diferente material aportado por ela como artigos de prensa, comentarios de texto, información en internet, vídeos de youtube, audicións de discos, visualización de películas, partituras vocais e instrumentais, etc.

Todas as actividades realizadas na aula serán avaliadas.

4º ESO AEeD

Non temos libro de texto. Vamos a traballar co material desenrolado pola profesora da materia no que traballaremos todos os obxectivos e contidos propostos. As clases desenvolveranse a partir das explicacións da profesora e diferente material aportado por ela como artigos de prensa, textos teatrais, poemas, comentarios de texto, información en internet, vídeos de youtube, audicións de discos, visualización de películas, partituras vocais e instrumentais, etc.

Todas as actividades realizadas na aula serán avaliadas.

LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL 1º BACH.

A metodoloxía baséase, sobre todo, no traballo diario na aula.

A secuencia semanal dividirase nun día de teoría, outro de práctica vocal/danza e outro instrumental/ritmo-frauta.

Observarase a capacidade de escoita e resposta, a iniciativa persoal á hora de levar a cabo os exercicios e a cooperación e participación na aula de maneira produtiva e ordenada. Ao ser unha materia práctica, esencialmente, isto valorarase de forma importantísima

Os conceptos asimiláranse diariamente na clase e valorarase que o alumno os asimile e sexa capaz de usalos no momento axeitado, que non queden na súa mente como unha mera definición “chapada”.

O primeiro que se fará é valorar os coñecementos da clase. Logo escollerase o repertorio vogal que mellor traballe os obxectivos a seguir. Ao mesmo tempo que se practica o repertorio iranse incluíndo conceptos teóricos para que os relacionen cos prácticos e cando. Valorarase a posibilidade de facer algunha actuación ou gravación.

Os elementos teóricos da linguaxe musical iranse explicando na clases con exemplos prácticos visuais e auditivos e se porán exercicios para que os vaian asimilando, pero a mellor forma de que os obxectivos sexan adquiridos é a través da práctica tanto vogal como instrumental e facendo fincapé no ritmo e na entoación.

Neste nivel xa se afondará máis no aspecto técnico interpretativo, buscando que o alumno adquira destrezas instrumentais e unha boa técnica vocal.

Non hai libro de texto, utilizaremos un caderno feito pola profesora, flauta e partituras que vaian xurdindo ao longo do curso

Na aula temos un repertorio suficiente de CDs de música clásica, ademais dunha pequena mostra, pero cada ano máis ampla, doutros estilos. Normalmente o material audiovisual constitúe unha parte indispensable na nosa materia, xa que ademais de utilizar o recurso de repasar ou afianzar conceptos mediante a análise de pequenos fragmentos dunha película ou

a visualización dun concerto, temos que ter sempre en conta o feito de que a música vai ligada á imaxe en moitas manifestacións artística como a ópera, os musicais e o ballet. Os DVDs da aula serán usados para a visualización de pequenos fragmentos, acorde coa lei, exceptuando o dvds xa mercados con licencia para o seu uso na aula, e que contan con caderno de traballo.

Ademais dos libros, Cds e DVDs a aula conta con instrumentos de placas de varias tesituras e instrumentos de percusión, que serán os utilizados para as interpretacións e creacións dos alumnos/as. Temos tamén varias frutas a disposición do alumnado, pero cada alumno/a deberá ter unha fruta, xa que deberán practicar na casa.

Contamos ademais cun piano e unha guitarra, que salvo excepcións, serán utilizados pola profesora. Na aula temos un ordenador e un proxector, que constituirán ferramentas utilísimas para poder visualizar tanto presentacións que sirvan para apoiar as explicacións, como para escoitar pequenos fragmentos musicais.

En ocasións iremos a aula de informática, xa que e 1º hai un bloque de contidos relacionados coa tecnoloxía.

Por último, tamén temos na aula unha pizarra verde e outra con pentagramas.

7.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As características peculiares da área de Música, o tipo de traballo e actividades musicais para realizar tanto individualmente como en grupo, permiten o reparto por niveis, segundo as aptitudes e a gradación dos coñecementos de cada alumno en particular. Así, partindo da primeira avaliación diagnóstica e da coavaliación do alumno, axudará a construír as aprendizaxes de xeito individualizado, pero motivando ao alumnado nas súas tarefas e traballando a prol da integración de todos os rapaces e rapazas. Deste xeito, para garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas, sinalanse as seguintes estratexias:

- Para alumnos con dificultades de aprendizaxe:

Establecer mecanismos de reforzo a nivel organizativo e curricular.

Realizar adaptacións curriculares que potencien o desenvolvemento das competencias básicas.

Modificar os obxectivos e criterios de avaliación en función das devanditas adaptacións curriculares.

- Para alumnos con altas capacidades intelectuais:

Facilitar actividades de ampliación.

Atender no posible ás circunstancias persoais do alumnado e ao contexto en que se desenvolve a súa educación.

Atender no posible aos intereses e motivacións dos alumnos/as.

8.- PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Escoitando, tocando, cantando e analizando músicas de diversas culturas os alumnos e alumnas aprenden valores como a tolerancia, a apertura a novas formas de expresión ou o respecto e gozan co enriquecemento que supón o acercamento a diferentes realidades. Como cada día a nosa sociedade é máis plural, estas experiencias serven para favorecer a formación dunha conciencia cívica e para aprender a exercer a cidadanía democrática.

As manifestacións culturais actuais -e entre elas, as musicais- proceden en gran medida das achegas das diferentes culturas ao longo dos séculos. Comprender isto amplía a visión dos alumnos e alumnas, e favorece o desenvolvemento do sentimento de cidadanía global. Noutra orde de cousas, nas interpretacións colectivas os alumnos e alumnas teñen que aprender a aceptar as normas que esixe toda actividade grupal cooperativa, co que se lles ensina a manter unha actitude construtiva, solidaria e responsable, algo indispensable para a convivencia democrática.

9.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Seguimos baixo as condicións provocadas pola pandemia do Covid 19 e non creemos que poidamos facer moitas, aínda así intentaremos organizar as máximas posibles. O departamento organizará como axuda e motivación cara ao temario da materia varias actividades complementarias:

- Concertos didácticos sobre diferentes estilos musicais no propio centro e nos auditorios e salas adaptadas a tal uso que nos ofrece o noso entorno (Auditorio Municipal de Ourense, Teatro Principal, etc, Conferencias, Obradoiros de música, etc.,
- Organización de concertos e colaboración nas actividades e proxectos interdisciplinares no propio centro a cargo dos alumnos/as. * (Depende da oferta que se produza ao longo do curso)

10.- ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR

Lectura en voz alta pola profesora de diferentes textos que fan referencia ó tema tratado na clase. Ditos textos poden variar dende mitos ou lendas a artigos de prensa, cartas de compositores, lectura de argumentos de libretos de ópera, e incluso lectura dramatizada de diálogos de ópera polos alumnos. Traballamos na aula sobre eles, sacamos as súas ideas principais, sinalamos os termos máis significativos, e facemos un resumo individual na libreta de cada alumno.

Lectura e escritura musical.

Lectura e comentario de partituras.

Busca de información sobre a nosa materia dependendo de cada tema, ben en dicionarios, enciclopedias, outros libros de texto, internet, etc.

Realización de traballos voluntarios para subir nota, que ás veces son buscade imaxes, de música, de comentarios, presentacións conxuntas en power point ou impresas en papel, ou tamén feitas a man.

Visualización de películas, óperas, musicais, en versión orixinal subtitulada, de forma que os alumnos teñen que ler ós subtítulos para entender os diálogos.

Lectura diaria individual en voz alta do texto do caderniño o das presentacións. Esta actividade vendese facendo dende fai moitos anos nas clases de música. Cada alumno le un parágrafo do texto en voz alta. A profesora preguntalle as palabras que cre que o alumno poida descoñecer ou non comprender e si non as coñece, pregunta ó resto da clase. Normalmente adoita haber algún alumno que as sabe e, se non, a profesora as explica.

Lectura de musicogramas sobre audicións.

Elaboración de mapas conceptuais. Elaboración e interpretación de mapas históricos.

Realización de moitos exercicios comprensivos do texto da materia, e exercicios de resumo do tema, de modo que o alumno ten que lelo de novo para poder facelos.

Búsqueda de información sobre a nosa materia dependendo de cada tema, ben en dicionarios, enciclopedias, outros libros de texto, internet, etc.

Realización de traballos voluntarios para subir nota, que as veces son búsqueda de imaxes, de música, de comentarios, presentacións conxuntas en power point ou impresas en papel, ou tamén feitas a man.

Visualización de películas, óperas, musicalas, en versión orixinal subtitulada, de forma que os alumnos teñen que ler ós subtítulos para entender os diálogos.

11.- ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICs

Na área de Música cómpre facer uso das novas tecnoloxías da información para ampliar e actualizar certos contidos. Os alumnos e alumnas poderán deste xeito aumentar os seus coñecementos en determinados ámbitos de forma autónoma e eficaz.

Agora máis que nunca, o uso das TICs , debido á posibilidades dun confinamento, é indispensable para o traballo, o seguimento das clases e a entrega dos traballos.

Utilización de medios audiovisuais constantemente na clase para facer as audicións, e tamén visualización do películas e documentais.

Utilizar os recursos tecnolóxicos no campo da música para os procesos de autoaprendizaxe e a súa posible integración nas actividades de lecer.

Obter e tratar información musical. Utilizar distintos recursos tecnolóxicos e de tratamento da información para elaborar e presentar pequenas investigacións sobre diferentes temas.

Seguimento das clases (en caso de confinamento), preparación e entrega de traballos.

A partir de 3º ESO:

Utilizar distintos recursos tecnolóxicos e de tratamento da información para elaborar e presentar pequenas investigacións sobre diferentes temas.

Utilizar de forma autónoma diversas fontes de información (medios audiovisuais, internet, textos, partituras e outros recursos gráficos) para o coñecemento da historia da música.

.Realización de presentacións con diapositivas ou Power Point dedicadas ás distintas artes durante ou períodos.

Análise a través da audición de obras.

A partir de 4º ESO e 1º Bach.:

Traballo con programas informáticos de composición e edición musical, programas de procesamento de textos ou textos e imaxes, cos que se produce, de modo eficiente, información, utilizando novos recursos expresivos.

Coñecer e dominar basicamente o hardware e o software musical: recursos tecnolóxicos, distintos formatos de son e de audio dixital.

Utilización básica dun programa dixital de edición de partituras.

Utilización de programas informáticos para coñecer a sonoridade da musica.

Aproximarse ás técnicas de tratamento e gravación do son relacionadas coa produción de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia.

12.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Nestes momentos o traballo en grupo nas clases é inviable, pero si pode traballarse a convivencia mediante unha colaboración na clase, o respecto cara aos demais, o traballo en

grupo aínda que sexa a distancia e a axuda e solidariedade nestes momentos tan complicados que estamos a vivir.

Tentaremos chegar as pautas de conducta, os hábitos e a disciplina que permitan o axeitado desenvolvemento das actividades musicais xa sexa de forma individual como grupal. As actividades extraordinarias quedan suspendidas por mor da pandemia: saídas do centro ao Auditorio, ao teatro, exposicións, e participación e colaboración do festival de Nadal que organiza o noso seminario.

13.- PROCEDIMIENTO DE ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS. Bach.

Aínda que o alumnado debería ter un mínimo de coñecemento de música, ter realizada prácticas de interpretacións e audicións, e coñecer as bases da linguaxe musical, non é posible facer unha selección dos alumnos/as que poden matricularse na materia. A diversidade está asegurada, xa que sempre temos alumnado procedente de distintos centros e ademais algúns puideron cursar música en 4º e outros non.

Informaráselles ao principio do curso do que imos facer, de onde partimos e de como se van desenvolver as clases durante o ano. O punto de partida o sinalarao a avaliación inicial, e se hai alumnado cun nivel moi baixo, se lles darán exercicios para casa e atención individualizada, aínda que na medida do posible, intentarase adaptar a clase e partir do nivel máis baixo, advertindo de que avanzaremos rapidamente porque o punto de partida non foi do nivel de Bacharelato e porque non é xusto para o alumnado que teña un nivel axeitado.

14.- OS CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Ó longo do curso, nas diferentes reunións do seminario, coméntase o avance da programación, os problemas que xordan, as modificacións que procedan, etc.

Para avaliar a programación observaranse varios aspectos: os resultados académicos obtidos polo alumnado e a consecución das competencias básicas, a temporalización da programación e o interés mostrado por o alumnado cara a materia. O grao de ponderación dos contidos, a modificación do tipo de exercicios realizados etc...

15.- CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO

Ó comezo de curso, na primeira hora lectiva que temos con cada grupo, procederemos á lectura dos criterios de avaliación, os sistemas de cualificación e os contidos mínimos esixidos para obter o aprobado da materia. Ditos criterios quedan expostos na parede da aula todo o ano para que poidan lelos en calquera momento, no taboleiro do Seminario de Música onde están as programacións de tódolos demais departamentos e na páxina web do noso centro.

ANEXO PROGRAMACIÓN. ENSINO A DISTANCIA

Fonte: Anexo VI: Modelo de documento “Plan de continxencia do centro educativo” da actualización das Recomendacións sanitarias do comité clínico ao protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros do ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 (versión 31-8-2020)]

1. O ensino non presencial será impartido preferentemente a través da aula virtual do IES O COUTO de cada grupo. O profesorado do departamento de Música realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia a través da aula virtual (<https://www.edu.xunta.gal/centros/iescouto/aulavirtual/>). Se así o considera, a profesora poderá poñer tarefas ao alumnado para reforzar o contido da materia ou a súa avaliación continua.
2. No curso 2021-2022 todo o profesorado e alumnado do IES O Couto dispón dun correo electrónico “corporativo” coa terminación <@iesocouto.com> que será o que se empregue de regra para a comunicación académica dentro da nosa comunidade educativa.
3. No caso de ter chegado ao confinamento de grupos completos poderase impartir algunhas clases pola plataforma cisco webex habilitada pola Xunta.
4. O equipo covid do IES O Couto identificará o alumnado do centro con dificultades materiais para seguir o ensino a distancia (falta de equipo informático, conexión deficiente...) para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as dificultades da educación telemática.
5. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial (un alumno ou varios; durante un período de días ou semanas...) a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión. De se dar este caso, o departamento adaptará esta programación ás medidas que a Consellería estableza buscando minimizar o impacto da suspensión das clases presenciais.

NORMAS ESPECÍFICAS POLA COVID 19 NA MATERIA DE MÚSICA

Ao entrar na aula cada alumno hixienizará as mans no surtidor do xel que hai a entrada da aula. Esta será ventilada cada hora de clase no tempo que se sexa soportable tendo en conta a estación, pero sempre un mínimo de 10 minutos.

Cada alumno ocupará sempre a mesma cadeira, artellaremos un sistema de identificación das mesmas.

O alumnado e o profesorado utilizarán cubrebocas/mascarillas durante o transcurso da clase. Na medida do posible manteremos a distancia de seguridade de modo que ao entrar e ao saír formarán filas de un en un, non empuxarán nin se apoiarán nos demais. A saída será graduada.

Teremos que recoller e hixienizar as cadeiras e o material e instrumentos utilizados uns minutos antes de que toque o timbre. O material Orff e as láminas tanto se están nas clases de referencia como se están na aula de música ou nos diversos espazos utilizados para impartir as nosas clases serán debidamente hixienizados, o que implica rematar a actividades uns minutos antes de que toque o timbre. O alumnado no tocará piano polas dificultades que entrañaría hixienizalo.

As actividades de canto levaranse acabo con cubre bocas/mascarillas. as cancións poderán ser gravadas co móbil na casa e enviadas ao seu profesorado para ser en corrixidas.

As actividades de danza se poderán realizar de modo práctico só en espazos grandes como o patio. Utilizaremos recursos para traballar tamén de outro modo con vídeos, traballos, gravacións domésticas bailando sós na casa, etc.

As clases serán impartidas nas aulas de referencia cando non sexa posible manter a distancia de 1'2 metros na aula de música. Sempre que sexa posible si son grupos de poucos alumnos utilizaremos a aula de música. Utilizaremos tamén os espazos abertos como o patio e os xardíns.